

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 17 de outubro de 2005**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucía Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. José Manuel Couto Pérez  
D. Carlos Comesaña Abalde

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. Antonio Coello Bufill  
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezasete de outubro de dous mil cinco e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral Sr. González Carnero, e o Titular da asesoría xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1340).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión 3 de outubro de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(1341).-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, ALTA EXPTE.23/481, 2/514, 01/1414.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

-D<sup>a</sup> Preciosa Quintela Rodríguez. Expte. 23/481.

-D<sup>a</sup> Carmen Bastero Dapresa. Expte. 02/514.

-D<sup>a</sup> Emilia Alcalde Souto. Expte. 01/1414.

**3(1342).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2005. EXPTE.1639/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 11.10.05 e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 12.08.05, conformado polo concelleiro de dito Servizo e polo asesor xurídico do área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Resolver a convocatoria de subvencións para actividades socioculturais realizadas durante o exercicio 2005, de acordo co acta da Comisión de Avaliación de data 12 de agosto de 2005, a favor das 59 entidades que se relacionan a continuación por un importe total de 99.754,65 con cargo a partida 451.2.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio polos conceptos e cantidades indicados en cada caso:

❑ ANA MARÍA ULLA MIGUEL NIF. 36061101-E

Actividade: V Obradoiro de Astronomía e astrofísica: Astronomía, legado Cultural e Sociedade.

a) 0,25    b) 0,25    c) 0,5    d) 0    e) 0

Total puntos: 1

Importe: 358,87 €

❑ AVCD MONTE DA MINA DE CASTRELOS (CIF. G-36623593)

Actividades: Festa Fin de Ano, Magosto, Fogueira de San Xoan, Entroido

a) 1    b) 1    c) 0    d) 1    e) 1

Total puntos: 4

Importe: 1.435,48 €

❑ CONFRARÍA DO STMO. CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS (CIF. G-36690170)

Actividade: Festas de Bouzas

a) 3    b) 3    c) 3    d) 4    e) 2

Total puntos: 15

Importe: 5.383,05 €

❑ ASOCIACIÓN CULTURAL CORPUS CHRISTI (CIF. G-36828119)

Actividade: Celebración do Corpus Chisti coa elaboración de alfombras florais

a) 0,25    b) 0,75    c) 0,25    d) 0,25    e) 0

Total puntos: 1,5

Importe: 538,30 €

- ❑ AVV. DO CALVARIO (CIF. G-36648293)  
 Actividade: Festa Cultural do Calvario  
 a) 0,50    b) 0,50    c) 0    d) 0,50    e) 0,25  
 Total puntos: 1,75  
 Importe: 628,02 €
  
- ❑ ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA CORISCO (CIF. G-36652683)  
 Actividade: Representar a Vigo e Galicia no Festival Intercéltico (Asturias), Festival de Inverno.  
 a) 1    b) 0,25    c) 1,5    d) 1,25    e) 1  
 Total puntos: 5  
 Importe: 1.794,35 €
  
- ❑ SOCIEDADE CULTURAL FESTAS DA CONSOLACIÓN (CIF. G-36633030)  
 Actividade: Festas da Consolación  
 a) 4    b) 4    c) 4    d) 4    e) 4  
 Total puntos: 20  
 Importe: 7.177,40 €
  
- ❑ AVC CASCO VELLO (CIF. G-36645885)  
 Actividade: Certame Mariñeiro, Cantos e danzas de Reis, Festa dos Maios.  
 a) 1    b) 1    c) 1    d) 1    e) 1  
 Total de puntos:5  
 Importe: 1.794,35 €
  
- ❑ AVV. O FREIXO (CIF. G-36654184)  
 Actividade: Programa sociocultural xeral, programa de festas, escolas folcloóricas O Freixo, animación infantil e xuvenil  
 a) 0,65    b) 0,50    c) 0,30    d) 0,25    e) 0,5  
 Total de puntos: 2,20  
 Importe: 789,51 €
  
- ❑ AVCD SAN XURXO DE SAIÁNS (CIF. G-36648988)  
 Actividade: XX Festa da Amizade  
 a) 1    b) 0,50    c) 0,50    d) 1    e) 1  
 Puntos: 4  
 Importe: 1.435,48 €
  
- ❑ ASOCIACIÓN CULTURAL OS TRASNOS DA GAITA (CIF. G-36949063)  
 Actividades: Achegamento da música ós nosos maiores , achegamento da música ós nenos, cantamos reis.  
 a) 0,30    b) 0,25    c) 0,15    d) 0    e) 0  
 Total puntos: 0,7  
 Importe: 251,20 €

- AVV. DR. JOSÉ CASAS DA VILA DE BOUZAS (CIF. G-36641033)  
 Actividade: Noite temática de Xan Xoán  
 a) 0,75   b) 1   c) 0,25   d) 0,50   e) 1  
 Total de puntos: 3,5  
 Importe: 1.256,04
  
- CRAC DE CORUXO (CIF. G-36627495)  
 Actividade: XVII Homenaxe ao Gaitero, XVII Folclórico internacional de Coruxo, regata de gamelas, festa de San Xoan, Magosto, Festas Nadal, escolas de nenos e adultos.  
 a) 0,5   b) 0,5   c) 1   d) 1   e) 1  
 Total de puntos: 4  
 Importe: 1.435,48 €
  
- FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO (CIF. G-36704666)  
 Actividade: Exposicións e conferencias.  
 a) 1,25   b) 1,50   c) 1,25   d) 1,25   e) 1,50  
 Total de puntos: 6,75  
 Importe: 2.422,37 €
  
- IRMANDADE FESTAS PATRONAIS DE CANDEÁN (CIF. G-36757003)  
 Actividade: Romaria San Cristobal  
 a) 1   b) 0,75   c) 0   d) 1,25   e) 0,5  
 Total de puntos: 3,5  
 Importe: 1.256,04 €
  
- ASOCIACIÓN CULTURAL DO SALVADOR DE TEIS (CIF. G-36769214)  
 Actividade: Culturais  
 a) 1   b) 0,75   c) 0,25   d) 1   e) 0,5  
 Total de puntos: 3,5  
 Importe: 1.256,04 €
  
- UVCD CANDEÁN (CIF. G-36863348)  
 Actividade: Entroido dos nenos, fogueira das Candelas, fogueira de San Xoán, II Festa do Socio.  
 a) 1   b) 0,75   c) 0,25   d) 1   e) 1  
 Total de puntos: 4. En aplicación de la base cuarta 2 e), se descuentan 3 puntos.  
 Total de puntos 1.  
 Importe: 358,87 €
  
- AGRUPACIÓN COMISIONES DE FESTAS DE VIGO (CIF. G-36659563)  
 Actividades: Celebración de 19 Festas Patronais: ( San Brais e As Candelas, San Isidro Moledo-Sardoma, El Señor-Bembrive, San Paio- Navia, San Pedro-Sardoma,

San Bieto-Monte Pequeño, Santa Baia-Alcabre, Santa Mariña-Cabral, Santa Cristina-Lavadores, San Cristobo-Candeán, Santa Ama-Beade, El Salvador-Coruxo, Os Liñares-Canido, Os Pexegos-Candeán, Os Dores-Cabral, San Cibram-Bembrive, San Miguel-Oia, O Rosario-Lavadores, A Xuntanza-Navia)

a) 0,25   b) 0,25   c) 0,50   d) 0,50   e) 0,50

Puntos: 38 (2 puntos por festa)

Importe: 13.637,06 €

□ SCRD NAUTILIUS (CIF. G-36631703)

Actividade: Certame Fotografía A Nosa Etnografía, xornadas de teatro, festas populares, xornadas de senderismo, excursións, día do socio, día da bicicleta, primaveira cultural, ciclos de conferencias, outono musical, Nadal.

a) 0,5   b) 0,5   c) 1   d) 1   e) 1

Puntos: 4

Importe: 1.435,48 €

□ AVCD DE LAVADORES (CIF. G-36633618)

Actividade: Festas populares, Festival da Amizade

a) 1   b) 0,5   c) 0,5   d) 1   e) 1

Puntos: 4

Importe: 1.435,48 €

□ SCRD HELIOS (CIF. G-36633428)

Actividade: Grupo de baile moderno “Helios”, banda escola de acordeóns Algareiro, banda de gaitas Charamuscas, coral polifonica Helios, garupo de baile rexional Helios, grupo de folc O Son das Ondas, grupo de pandereteiras Abiñadoira, biblioteca publica Helios, Festival de Pandereteiras, festival de baile rexional, festival folclórico, día mundial do acordeón, festival folc Eugenio Rodríguez Freiría, Día das Letras Galegas, Festival de panxoliñas, festival de baile moderno, festival de teatro.

a) 1   b) 1   c) 0,25   d) 1   e) 1,5

Puntos: 4,75

Importe: 1.704,63 €

□ ASOCIACIÓN CULTURAL O COTO (CIF. G-36627941)

Actividade: XVIII Festa do cabazo, XVII Xuntanza folclórica, III Xorandas de Teatro, III Coto Folc

a) 0,5   b) 0,5   c) 0,50   d) 1   e) 1

Total puntos: 3,5

Importe: 1.256,04 €

□ FUNDACIÓN IGUAL ARTE (CIF. G-36427524)

Actividade: Folclore: Patrimonio de todos.

a)1   b) 0,5   c) 0,25   d) 0   e) 0

Total puntos: 1,75

Importe: 628,02€

- ❑ AGRUPACIÓN MICOLÓXICA A ZARROTA (CIF. G-36688901)  
 Actividade: XLIV Anos de micoloxia en Vigo  
 a) 0,25 b) 0,25 c) 1 d) 0 d) 0  
 Total puntos: 1,5  
 Importe: 538,30€
  
- ❑ ACD XESTAS (CIF. G-36628543)  
 Actividade: XI Certame da Tortilla  
 a) 0,25 b) 0,25 c) 0,5 d) 0,5 e) 0,5  
 Total puntos: 2  
 Importe: 717,74 €
  
- ❑ A.A. GALILEO GALILEI (CIF. G-36654903)  
 Actividade: Meteoritos e ..  
 a) 0,25 b) 0,5 c) 1 d) 0,25 e) 0,25  
 Total puntos: 2,25  
 Importe: 807,45 €
  
- ❑ CCR DE CABRAL (CIF. G-36658680)  
 Actividade: XIX Romaría do Pan de Millo, XVI Festival folclórico  
 a) 0,75 b) 0,5 c) 0.75 d) 1 e) 1  
 Total puntos: 4  
 Importe: 1.435,48 €
  
- ❑ AVV DR. FLÉMING (CIF. G-36709004)  
 Actividade: Tralas pegadas de Gallaecia, Festa Veciñal  
 a) 1 b) 0,5 c) 0,5 d) 1 e) 1  
 Total puntos: 4 puntos  
 Importe: 1.435,48 €
  
- ❑ ASOCIACIÓN CULTURAL TRIANA DE VIGO (CIF. G-36895993)  
 Actividade: IV Feria Trianera de Vigo  
 a) 0,25 b) 0,25 c) 0,50 d) 0,25 e) 0,25  
 Total puntos: 1,5  
 Importe: 538,30 €
  
- ❑ AVV OUTEIRO (CIF. G-36658854)  
 Actividade: Magosto popular  
 a) 0,5 b) 0,5 c) 0 d) 0,5 e) 0,5  
 Total puntos: 2  
 Importe: 717,74 €

- ❑ AETRAVI (ASOC. EMPRESARIOS COMERCIANTES TRAVESAS (CIF. G-36847861)  
 Actividade: Festa Día da Nai, Festa de Fin de Ano  
 a) 4 b) 4 c) 4 d) 4 e) 4  
 Total puntos: 20  
 Importe: 7.177,4€
  
- ❑ AVCD SAMPAIO (CIF. G-36648103)  
 Actividade: Cabalgata de Reis, Entroido, Letras Galegas, Sardiñada Popular, Romaría popular, Semana Cultural, Magosto, Visita Papa Noel, Saídas do Grupo de Baile Galego, Baile de Fin de Ano.  
 a) 0.50 b) 0.50 c) 1 d) 1 e) 1  
 Total puntos: 4  
 Importe: 1.435,48 €
  
- ❑ SOCIEDADE OLIVA (CIF. G-36612026)  
 Actividade: Recuperación do Camiño Portugués  
 a) 0.25 b) 0.25 c) 0.50 d) 0.25 e) 0  
 Total puntos: 1,25  
 Importe: 448,58 €
  
- ❑ PLAN COMUNITARIO CASCO VELLO DE VIGO (CIF. G-36790954)  
 Actividade: Titiriteatro de outono  
 a) 0,25 b) 0,25 c) 0,50 d) 0 e) 0  
 Puntos: 1  
 Importe: 358,87 €
  
- ❑ COMISIÓN FESTAS NOSA SRA DAS NEVES DA GUÍA (CIF. G-36731404)  
 Actividade: Festas Patronais  
 a) 0,25 b) 0,50 c) 0,75 d) 0,5 e) 0,5  
 Puntos: 2,5  
 Importe: 897,17 €
  
- ❑ AVV NOSA TERRA DE ALCABRE (CIF. G-36649374)  
 Actividade: Lumeiro de San Xoán 2005  
 a) 0,75 b) 0,75 c) 0,50 d) 1 e) 1  
 Puntos: 4 En aplicación de la base cuarta 2 e), se descuentan 3 puntos.  
 Total puntos: 1  
 Importe: 358,87 €
  
- ❑ PLAN COMUNITARIO DE TEIS (CIF. G-36791960)  
 Actividade: Recuperación e potenciación das Festas Populares: Maios, Letras Galegas, Samaín e Magosto  
 a) 0,75 b) 1,25 c) 0 d) 1 e) 1

Puntos: 4

Importe: 1.435,48 €

- AVV DE PARADA MACEIRIÑA RÚAS E FONTES (CIF. G-36655942)  
Actividades: Fogueira das Candelas, Baile de Carnaval, Maio cultural, Fogueira de San Xoán, Festa dos Vello, Magosto, Música de Bandas e Ciclos de Cine.  
a) 0,75 b) 0,75 c) 0,50 d) 1 e) 1  
Total puntos: 4  
Importe: 1.435,48 €
  
- IRMANDADE DE DEVOTOS DE SAN ROQUE (CIF. G-36763225)  
Actividade: Romaría de San Roque  
a) 4 b) 4 c) 4 d) 4 e) 4  
Total puntos: 20  
Importe: 7.177,40 €
  
- AVCR SAN MAMEDE DE ZAMÁNS (CIF. G-36691855)  
Actividade: Festas Populares: Reis, San Xoán, Magosto, Fin de Ano  
a) 0,50 b) 0,50 c) 0,75 d) 0,75 e) 0,25  
Total puntos: 2,75  
Importe: 986,89 €
  
- AVV SAN PEDRO DE MATAMÁ A UNIÓN (CIF. G-36654036)  
Actividade: Festa da Nosa Sra. Das Neves  
a) 1,50 b) 1,50 c) 3,25 d) 1,5 e) 1,5  
Puntos: 9,25  
Importe: 3.319,54
  
- ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA O FIADEIRO (CIF. G-36812204)  
Actividade: IV Xornadas de Portas Abertas, Serán- Festa Fin de Curso 2005  
a) 1 b) 0,75 c) 1,25 d) 1 e) 1  
Total puntos: 5  
Importe: 1.794,35 €
  
- CÍRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO (CIF. G-36614097)  
Actividade: Actividades culturais diversas  
a) 1 b) 1 c) 0,5 d) 0 e) 0  
Total puntos: 2,5  
Importe: 897,17
  
- VAGALUME COLECTIVO AVENTURAS TEATRAIS (CIF. G-36651651)  
Actividade: Obradoiro “A Rosa dos Ventos”  
a) 0,5 b) 1 c) 0 d) 0 e) 0  
Puntos: 1,5



Importe: 538,30€

- AVV DE BEADE DE VIGO (CIF. G-36632081)  
Actividade: XX Feira Festas de Cerixa, Festividade de Reis, Concertos de Nadal, Entroido, Xornadas Teatrais, Letras Galegas, Festival Folclórico, xogos sociais, Outono Musical,  
a) 1 b) 1 c) 1,5 d) 1 e) 1  
Total puntos: 5,5  
Importe: 1.973,78 €
  
- AVV CRISTO DA VICTORIA (CIF. G-36622793)  
Actividade: XIII Festival Folclórico Internacinal, Magosto, Intercambio Cultural de verán, Sardiñada do Barrio, Visita do Paxe Real,  
a) 0,75 b) 0,75 c) 0,75 d) 1,25 e) 1  
Puntos: 4,50  
Importe: 1.614,91 €
  
- AVV DE CABRAL (CIF. G-36651073)  
Actividade: Curso de Pandeirola, Clases de Corda, Clases de Baile Galego, clases de gaita e percusión, clases de canto coral, cursos de bailes de salón, clases de baile moderno, clases de teatro, clases de Kung Fu, Xornadas de convivencia, fogueira de San Xoán, Magosto.  
a) 0,5 b) 0,5 c) 1 d) 1 e) 1  
Puntos: 4  
Importe: 1.435,48 €
  
- AVV DE SAN PEDRO DE SÁRDOMA O CARBALLO (CIF. G-36649325)  
Actividade: Homenaxe aos gaiteros “Moxenas e Xalueiro”, escola de teatro  
a) 0,25 b) 0,25 c) 0,25 d) 0,75 e) 0,50  
Total Puntos: 2  
Importe: 717,74 €
  
- AVV AS FONTES (CIF. G-36684991)  
Actividade: Festa XV aniversario, Festa Fin de Ano, Festa Fogueira de San Xoán, Festa Magosto.  
a) 0,25 b) 0,25 c) 0,50 d) 0,75 e) 0,50  
Puntos: 2,25  
Importe: 807,45 €
  
- AVV DA SALGUEIRA ROSALÍA DE CASTRO (CIF. G-36644904)  
Actividades: San Xoán, Santa Lucía.  
a) 0,5 b) 0,5 c) 1 d) 1 e) 1  
Total puntos: 4  
Importe: 1.435,48 €

- ❑ FUNDACIÓN CARLOS CASARES (CIF. G-36907244)  
 Actividade: Café Volter. Foros de debate  
 a) 0,5 b) 1 c) 0,5 d) 0 e) 0  
 Total puntos: 2  
 Importe: 717,74 €
  
- ❑ SCD ATLÁNTIDA DE MATAMÁ (CIF. G-36620854)  
 Actividades: Festival coral de habaneras, semana das Letras Gelegas, Festival Coral de Panxoliñas, Festa dos maios, Festa do Samaín, V edición serán popular, obra de teatro.  
 a) 1 b) 1 c) 1 d) 1 e) 1  
 Puntos: 5  
 Importe: 1.550 € \*máxima cantidade solicitada
  
- ❑ ASOCIACIÓN CULTURAL FOLÍA (CIF. G-36911220)  
 Actividades: Folía da Guía, Festival de Músicas Populares, IV Serán das Meigas.  
 a) 0,25 b) 0,25 c) 0,50 d) 0,50 e) 0,50  
 Puntos: 2  
 Importe: 717,74€
  
- ❑ AVV DO BARRIO DE TEIS (CIF. G-36646545)  
 Actividades: Maio Cultural, Arte e Aventuras: La aventura de Julio Verne, outono audiovisual no Cívico de Teis  
 a) 0,5 b) 0,5 c) 0,5 d) 0 e) 0  
 Puntos: 1,5  
 Importe: 538,30 €
  
- ❑ COLECTIVO NEMO DE FANTASÍA E CIENCIA FICCIÓN (CIF. G-36884302)  
 Actividades: Promoción da tertulia viguesa do xénero fantástico, ciclos de Fantasía e ciencia-ficción, programa de radio adiciado ao xénero fantástico, I Ibercon, concurso relatos curtos de xénero fantástico, concurso de ilustracións, concurso dioramas, concurso de curtametraxes de video de xénero fantástico, Fanzine en papel, fanzine en cd-rom, mantemento sito web, curso de eralización de efectos especiais, biblioteca da asociación  
 a) 0,5 b) 0,5 c) 0 d) 0 e) 0  
 Puntos: 1  
 Importe: 358,87 €
  
- ❑ AVV SAN MIGUEL DE OIA (CIF. G-36648640)  
 Actividades: Cabalgata de Reis, II Encontro de vocalías, Entroido, concurso degustación de roscóns, Letras Galegas, San Xoán, Magosto, Nadal, Fin de Ano  
 a) 0,5 b) 0,5 c) 1 d) 1 e) 1  
 Total Puntos: 4

Importe: 1.435,48 €

- ❑ AVCUC EMILIO CRESPO (CIF. G-36648608)  
Actividade: Festa do Samaín  
a) 0,75 b) 0,75 c) 0,50 d) 1 e) 1  
Puntos: 4 En aplicación de la base cuarta 2 e), se descuentan 3 puntos.  
Total puntos: 1  
Importe: 358,87 €
  
- ❑ CCAR DE VALLADARES (CIF. G-36617082)  
Actividade: VI Cartame de humor en Valladares, programación regular para o ano 2005, entroido, Festa de Reis, Festa de San Xoán, I Xornadas de animación á lectura, VIII Festival folclórico de Valladares, II encontro de percusión, I Certame de Canto Coral, I Encontro de Magos, Ilusionistas e Artes circenses.  
a) 0,5 b) 0,5 c) 1 d) 1 e) 1  
Total puntos: 4  
Importe: 1.435,48
  
- ❑ IRMANDADE DE SAN CAMPIO (CIF. G-36840940)  
Actividade: Concertos de Bandas ao aire libre  
a) 0,25 b) 0,25 c) 0,5 d) 0,25 e) 0,25  
total puntos: 1,5  
Importe: 538,30 €

2º.- Que se desentimen as 24 solicitudes de subvención que se relacionan a continuación de acordo co estipulado na base cuarta da convocatoria indicado en cada caso:

- ❑ ASOCIACIÓN CULTURAL PEDAGÓXICA PONTE NAS ONDAS (CIF. G- 36350015) apartado (a)
- ❑ AVV. AGARIMO SAN XOÁN POULO (CIF. G-36641355) apartado (a)
- ❑ ASOCIACIÓN 3ª IDADE QUIÑONES DE LEÓN (CIF. G-36760064) apartado (a)
- ❑ ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN DE PONTEVEDRA (CIF. G-36697324) apartado (a)
- ❑ ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS COMESAÑA DE VIGO (CIF. G-36769495) apartado (a).
- ❑ ASOCIACIÓN ESTUDIANTES EMPRENDEDORES (CIF. G-36918746) apartado (a).
- ❑ ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE VIGO (CIF. G-36622835) apartado (a).
- ❑ ASOCIACIÓN CIDADÁ PARA A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA (CIF. G-36844694) apartado (a).
- ❑ ASOCIACIÓN AXUDA AO TOXICÓMANO ÉRGUETE (CIF. G-36642726) apartado (a).
- ❑ IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (CIF. G-36838464) apartado (a).
- ❑ ASOCIACIÓN PARA A AXUDA DA XUVENTUDE FLOR DE LIS (CIF. G-36717957) apartado (a).
- ❑ ASOCIACIÓN A REVOLTA (CIF. G-36914976) apartado (a).
- ❑ ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DE ACADEMIAS E CENTROS DE FORMACIÓN DE PONTEVEDRA (CIF. G-36715118) apartado (a).
- ❑ ASOCIACIÓN XUVENIL DE ACTIVIDADES DE OCIO DE MATAMÁ (CIF. G-36945384) apartado (a).
- ❑ FUNDACIÓN CELTA DE VIGO (CIF. G-36810042) apartado (a).
- ❑ CLUB DE MONTAÑEIRO CELTAS (CIF. G-36637890) apartado (a).
- ❑ COMUNIDADE VECIÑAL MONTES MANCOMÚN VALLADARES (CIF. G-36663185) apartado (a).

- ❑ ASOCIACIÓN XUVENIL XUNTANZA XUVENIL (CIF. G-36744951) apartado (a).
- ❑ ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA (CIF. G-36845428) apartado (a).
- ❑ AVV CANIÑO DA SEARA apartado (e)
- ❑ JOSE ALONSO MONTEAGUDO COMISION DE FESTAS OS LIÑARES apartado (e)
- ❑ MARIA BELEN MEDIERO RODRIGUEZ apartado (e)
- ❑ AVV A PAZ apartado (e)
- ❑ AVV FONTE DO GALO apartado (d)

3º.- Que se desentime a solicitude de subvención que se relaciona a continuación acordo co estipulado na base terceira 1(b) da convocatoria.

- ❑ BELARMINO DAVILA FERNÁNDEZ, COMISION DE FESTAS DE SAIANS

**4(1343).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DA MULLER E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA APOIO Ó EQUIPO DE FÚTBOL FEMININO “EL OLIVO-FARO DE VIGO”. EXPTE. 2112/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.09.05, o informe do interventor xeral do 19.09.05 e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 3.10.05, conformado pola concelleira de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a Concellaría da Muller do Concello de Vigo e a “Federación de Peñas Recreativas el Olivo para apoiar o equipo de futbol feminino “El Olivo-Faro de Vigo”

2º.- Facultar á concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local – Muller, para que o asine en representación do Concello de Vigo.

3º.- Autorizar o gasto de 6.000 Euros.- seis mil euros, con cargo á partida presupostaria de nova creación “subvencións a entidades para actividades deportivas” 463.2.489.00 01, e bolsa de vinculación xurídica do presuposto en vigor, a favor da “Federación de Peñas Recreativas el Olivo”, con CIF N° G 36.704.666, en concepto de execución do convenio.

4º.- Aprobar o texto que de seguido se di:

*En Vigo, na casa do Concello, o día de de dous mil cinco,*

**RE Ú N E S E**

*Dunha parte, Dª Lucía Molares Pérez, concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller do Concello de Vigo, en nome e representación deste.*

*Doutra Dº Balbino Moreira Vállez, presidente do equipo O Olivo, con CIF núm. G.36.704.666, en representación de Federación de Peñas Recreativas El Olivo.*

*Ás dúas partes recoñécense capacidade legal e representación suficiente para suscribir o seguinte*

## CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLARÍA DA MULLER DO CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO.

de acordo cos seguintes

### ANTECEDENTES

Co motivo de paliar a desigualdade social que están a sufrir as mulleres aínda hoxe en moitas esferas, faise necesario que as distintas administracións públicas fagan fronte á situación mediante a implementación de políticas correctoras destas desigualdades.

A Concellaría da Muller do Concello de Vigo pretende promover iniciativas que teñan por obxecto fomentar o apoio da muller no deporte. Máis concretamente prestar a súa axuda e apoio ao fútbol feminino, xa que se ten que eliminar dunha vez por todas a aseveración de que o fútbol é cousa de homes, vinculado á propia masculinidade. Ata hai pouco tempo, dita afirmación tiña a súa parte de verdade. A práctica deste deporte estivo reducida, case en exclusiva, ao ámbito masculino, aínda que algo parecido se podería dicir do resto das disciplinas deportivas, cuestión que se arrastra dende os lonxanos tempos de Grecia, cando só os homes podían participar nos xogos olímpicos debido a certas cualidades atribuídas ao seu xénero como: a destreza, a forza, a axilidade, a valentía, a competitividade, a loita, o afán de superación, etc.

As mulleres, sen lugar a dúbidas foron gañando espazos, pero cada vez que ingresan ou irrompen nun terreo “tipicamente” masculino hai que salvar certas resistencias que aínda hoxe perduran na nosa sociedade.

O deporte feminino é, case sempre, considerado un deporte de segunda. Hoxe en día que unha muller practique deporte xa non se considera estraño, pero si é menos habitual que as mulleres teñan o mesmo protagonismo cós homes nas súas disciplinas, ou que cheguen a acadar a categoría de profesionais do deporte que practican.

Por outro lado, o reflexo nos medios de comunicación do deporte feminino, é máis ben curioso: por un lado aínda é noticia que algunha muller ou equipo feminino practique tal ou cal deporte (como é o fútbol), e por outro, os éxitos deportivos das mulleres seguen ocupando as liñas inferiores dos xornais, logros que, no caso de ser un home ou un equipo masculino o protagonista, merecerá a primeira plana. Tamén se resaltan cualidades que non teñen nada que ver coas dunha deportista, como é a beleza ou o seu físico.

En suma, a práctica deportiva constitúe, aínda na actualidade, un tipo de actividade moi segregada en función do sexo debido aos esterotipos de identidade masculina tradicionais nos que se basea.

O deporte galego está de parabéns, e máis aínda a cidade de Vigo, por ter dous equipos galegos de fútbol en categoría nacional: O Celta de Vigo (recén ascendido a primeira división), e El Olivo-Faro de Vigo, equipo feminino de fútbol, gañador da Liga Galega de Fútbol que alcanzou uns resultados moi salientábeis nesta liga, invito nos 24 partidos realizados e que o levaron a ascender por primeira vez á Liga Nacional na que xogarán a vindeira temporada 2005/2006.

Por todas as razóns citadas, a Concellaría da Muller do Concello de Vigo, valora positivamente colaborar a través da firma do presente Convenio, co equipo de fútbol feminino, El Olivo- Faro de Vigo, campión da Liga Galega de Fútbol Femenino, e na actualidade xogando na Liga Nacional. Referentes como “El Olivo”, que acadan o éxito nun deporte no que a participación feminina ten menor incidencia, facilitan considerablemente o camiño que queda aínda por percorrer, para acadar cotas de participación paritaria de mulleres e homes na práctica deportiva.

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é regular a colaboración entre as dúas entidades para fomentar a difusión do deporte feminino, en especial o fútbol feminino, eliminando así un dos esterotipos máis frecuentes: a masculinización do deporte. A axuda que prestará a Concellaría da Muller do Concello de Vigo a Federación de Peñas Recreativas el Olivo co pago dunha axuda económica de 6.000 € para sufragar os gastos que soportará o Club “Olivo-Faro de Vigo” na competición da Liga Nacional de Fútbol: equipaxe, material deportivo, fichas, desprazamento, ou axudas de custo por aloxamento e manutención.

### SEGUNDA.- IMPORTE DA AXUDA

A “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo” percibirá en concepto de axuda 6.000.- Euros (seis mil euros) para a realización do traballos descritos na cláusula anterior, con cargo á partida presupostaria da Concellaría da Muller 463.2.489.00.01 e bosa de vinculación xurídica do vixente presuposto.

### TERCEIRA.- XEITO DE PAGAMENTO

A Oficina da Muller emitirá dúas certificacións a favor de “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo”:

- a) A primeira por importe de 3000.- euros (tres mil euros), coa firma do convenio .
- b) A segunda por importe de 3000.- Euros (tres mil euros) restantes unha vez que se presenten os xustificantes de gasto e tras a certificación do Departamento da Muller que acredite o cumprimento do convenio.

### CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguimento que presidida pola concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller , estará formada por:

- \* Dous/as representantes da asociación.
- \* A xefa da Oficina da Muller ou técnico/a municipal que se designe.

### QUINTA.- AVALIACIÓN

Para o seguimento e a avaliación continua e final do convenio a comisión de seguimento servirse da memoria que presente a Federación Viguesa de Peñas Recreativas “El Olivo”, de tanta información acheguen as partes implicadas, todo iso sen menoscabo doutras actuacións que o Concello de Vigo considere de interese realizar.

### SEXTA.- INCUMPRIMENTO DO CONVENIO

O incumprimento do convenio pode dar lugar á súa revogación, total ou parcialmente, e as correspondentes penalizacións económicas.

### SÉTIMA.- INTERPRETACIÓN DO CONVENIO

A interpretación do presente convenio é competencia do Concello de Vigo.

#### OITAVA.- PUBLICIDADE

Calquera participación deportiva, partido de fútbol ou evento, incluírá en lugar preferente e visíbel os logotipos da Concellaría da Muller coa lenda "Concellaría da Muller - Concello de Vigo". O equipo levará inserta esta publicidade na súa equipaxe en todos os partidos que xogue, desprazamentos e presentacións públicas.

#### NOVENA.- PERCEPCIÓN DOUTRAS SUBVENCIONES

A "Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo" declara, baixo a súa responsabilidade, que non perciben subvención ningunha por estes mesmos conceptos, no período que abrangue ao presente convenio. De percibir algunha seralle comunicada expresamente ao Concello para ser deducido o seu importe do prezo.

#### DÉCIMA.- VIXENCIA

O período de vixencia deste convenio será dende a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local ata o 31 de decembro de 2005.

Poderá ser denunciado por calquera das partes e ser prorrogado polo Concello de Vigo tras o acordo expreso das partes.

Poderán ir incluíndose nel como anexos os acordos complementarios que subscriban todas as partes.

### **5(1344).- PROPOSTA DE OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO SOCIOCOMUNITARIO PARA O ANO 2005. EXPTE. 2682/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral do 30.09.05 e de acordo co informe-proposta do técnico do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 28.09.05, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder, con cargo á partida 4631.489.00.00 do vixente orzamento, as subvencions ás asociación que de seguido se relacionan para os programas, proxectos e actividades desenvoltas no ano 2005, por un importe total de cento corenta e tres mil oitocentos vinte e un euros (143.821,00 €):

	CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	PTOS	CUSTE	IMPORTE
1	G36622793	A.VV Cristo da Victoria	Festival Folclórico, VIII Sardiñada Barrio	80	11.700 €	4.023 €
2	G36648640	A.VV S. Miguel Oia	Intercambio Vogalias Mes Letras Galegas Festivas Fin de Curso Santa Cecilia Representación Teatro	53	9.350 €	2.666 €
3	G36633618	A.VV Lavadores	Edición de Revista	33	4.700 €	1.660 €
4	G36709004	A.VV Doutor Fleming	Plan Estratéxico: Formación Recursos Humanos	23	1.500 €	1.125 €

	CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	PTOS	CUSTE	IMPORTE
5	G36646545	A.VV de Teis	Arte e aventuras no Centro.	47	6.730 €	2.363 €
6	G36649325	A.VV "O Carballo" Sárdoma	Festivais e festas. Excursións e saídas culturais	61	6.150 €	3.068 €
7	G36654036	A.VV San Pedro de Matamá "La Unión"	Homenaxe aos maiores. Festa do Carballo.	62	9.230 €	3.118 €
8	G36651073	A.VV de Cabral Santa Mariña	XV Festa dos Vellos. XII Outono Cultural. Intercambio Coral.	76	15.400 €	3.822 €
9	G36658680	Centro Cultural Cabral Becerreira	Romaría Pan de Millo	75	16.785 €	3.772 €
10	G36648988	A.VV San Xurxo	Fogueira San Xoan	24	2.500 €	1.207 €
11	G36655942	A.VV Parada Maceiriña	Ciclos de Cine. Festa dos Vellos.	29	2.800 €	800 €
12	G36743482	A.VV "A Paz"	Ximnasia para maiores. Informática para maiores. Informática para nenos.	51	4.500 €	2.565 €
13	G36648608	A.VV "Emilio Crespo" Navia	Programa informativo e formativo de axuda maiores e discapacitados do barrio.	42	3.360 €	2.112 €
14	G36644904	A.VV "Rosalía de Castro" da Salgueira	Talla en madeira e taracea. Festa do Veciño. Festa do Magosto Entroido	73	12.100 €	3.671 €
15	G36641355	A.VV "Agarimo" San Xoán Pouló	Curso iniciación ao Repuxado en Coiro	24	1.920 €	1.207 €
16	G36654184	A.VV "O Freixo"	Curso informática financeira para directiva da A.VV	22	1.300 €	975 €
17	G36648186	A.VV Camiño Vello de Coia	Coia, Un Barrio en movemento	59	4.000 €	2.967 €
18	G36655017	A.VV Fonte do Galo	Revista informativa. Xogos populares. Informática maiores. Cine para nenos.	62	10.650 €	3.118 €
19	G36623593	A.VV "Monte da Mina" Castrelos	Festa homenaxe maiores. Festa da Convivencia.	71	5.650 €	3.571 €
20	G36648293	A.VV do Calvario	Curso de Informática-Internet	24	2.453 €	1.207 €
21	G36632081	AVCU-CSCR Beade	Xogos intersociais. Asesoramento. Curso de Formación. Curso Cultura Tradicional.	246	57.202 €	12.372 €



22	G36617082	Centro sociocultural Valladares	Servizos estables do Centro: Biblioteca e ciberteca Gabinete Xuridico Consultoría urbanística Servizos de emprego e relacións laborais Escola de Música e Danza Servicio base de datos inmobiliaria	239	20.000 €	12.020 €
23	G36648103	AVCD Sampaio	Actividades ludicas veciñais	20	450 €	335 €
24	G36627495	CRAC de Coruxo	Seminario gaita tradicional. Historia Gamela Coruxeira.	63	18.450 €	3.168 €
25	G36633428	Sociedade cultural Helios de Bembrive	Ciclo conferencias. Campaña captación socios. Ludoteca. Festa do Socio.	69	7.300 €	3.470 €
26	G36631703	Sociedade Veciñal Nautilus	Xornadas Senderismo. Festa Veciñal. Festival Folclórico Magosto	52	7.080 €	2.615 €
27	G36863348	Unión Veciñal Cultural de Candeán	Un verán máis divertido.	56	3.800 €	2.816 €
28	G36790954	Plan Comunitario C. Vello	Programa intervención social: Ruta Xoven, Obradoiro Picacho, nenos. Programa vivenda.	38	8.000 €	1.911 €
29	G36791960	Plan Comunitario Teis	Pto. Asesoramento Gratuíto. Xornadas: traballo comunitario. Curso Formac. Colaboradores.	46	5.600 €	2.313 €
30	G36628543	Asociación cultural deportiva "Xestas"	Actividades Socioculturais: San Xoan, Magosto e Cena Amistade.	37	4.896 €	1.861 €
31	G36627941	Asociación Cultural "O Coto"	IV Serán do Coto. Páxina Web da Asociación. Peque-Ruta: Senderismo	24	3.101 €	1.207 €
32	G36791291	Agrup. Centros Deportivos	Festa Voluntariado. Publicación Revista	53	6.620 €	2.666 €
33	G369288646	Asoc. Rede Mulleres contra os malos tratos.	Formación voluntariado e persoal técnico-directivo.	24	2.530 €	1.207 €
34	G36828481	Agrupación Galicia Social	Publicación Boletín, Gastos Grupo Artístico, Organización Festival.	24	4.000 €	1.207 €
35	G36614097	Circulo Mercantil	XXX Asemblea Federac. De Círculos e Casinos	60	13.564 €	3.018 €
36	G36838514	Asociación Fontenova	Fomento Participación Mulleres.	24	5.268 €	1.207 €
37	G36352359	ONG Amarante para o desenvolvemento	Proxecto educativo "Vigo con vistas ao sur"	24	1.970 €	1.207 €
38	G36838464	IND. Implicados no desenvolvemento	Curso Formación Monitores	20	900 €	630 €

	CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	PTOS	CUSTE	IMPORTE
39	G36797579	Fundación Cume	Promoción e Cursos Voluntariado Divulgación material informativo	24	1.780 €	1.207 €
40	G36637890	Club Montañeros Celtas	Boletín Informativo	20	2.000 €	700 €
41	G15374598	CITE. Centro Información traballadores estranxeiros.	Encontro sindical solidariedade traballadores migrantes	35	4.010 €	1.760 €
42	G36781979	Sindicato Independente SICO	Revista informativa Administración Local.	47	11.000 €	2.364 €
43	G15312424	Sindicato Fetico Galicia	Boletín Servizos	20	2.648 €	1.006 €
44	G36621290	Casa Andalucía en Vigo	XVII Feria de Abril	46	10.204 €	2.313 €
45	G36921120	Asoc. Centro Cultural Cubano en Galicia	Jornada Cultura Cubana. Peñazo das Asoc. Cubanas. Actividades anuais 2005.	29	10.000 €	1.459 €
46	G36936086	Asociación xuvenil Foro das Utopias	Carteis Seguridad Vial	20	1.200 €	900 €
47	G36819035	Amigos e antigos alumnos Universidade de Vigo	Ediccion Revista Tres Campus. Publicación Premio. Actividades organizativas.	40	4.470 €	2.012 €
48	G36796506	Comunidade de montes S. Cristovo de Candeán	XX Romaría do Vixiador	34	7.000 €	1.710 €
49	G36649135	Asociación folclórica Lembranzas Galegas	Cursos formación, implantación arquivo, formación bailaríns.	24	4.200 €	1.207 €
50	G36648095	Hermandad Festas. S. Ana	XXIV Homenaxe aos Vellos	39	7.195 €	1.961 €
51	G36661205	Agrupación Deportiva Primavera	Xornadas de Cultura e Deporte Internacional	24	2.400 €	1.207 €
52	G36812535	Club Gamboa	Cursos: cociña, literatura, protocolo, música, hogar.	37	3.145 €	1.861 €
53	G36633154	Grupo Estudios Condición da Muller: "Alecrin"	Renovación e ampliación da páxina Web	34	6.000 €	1.710 €
54	G36708139	Asociación Concepción Arenal	Metodoloxía do Menor	31	4.000 €	1.559 €
55	G36427524	Fundación Igual Arte	Xornadas: Arte- discapacidade	24	5.500 €	1.207 €
56	G36801991	Asociación Fundai	Publicación Revista Anual	20	1.943 €	1.006 €
57	G36697324	Asociación Síndrome de Down-Vigo	Programa de sensibilización e contratación de novos socios.	34	4.602 €	1.710 €
58	G3600319B	Hermanos Misioneros enfermos pobres	Formación Voluntariado, publicacións, integración laboral.	44	9.700 €	2.213 €
59	G36776920	Asociación Familiares enfermos Alzheimer "AFAGA"	IV Xornadas: Alzheimer un problema de todos.	33	4.170 €	1.660 €
60	G36622835	Asociación Persoas Sordas de Vigo	Publicación Boletín periodico e 5000 folletos.	20	2.665 €	1.006 €

	CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	PTOS	CUSTE	IMPORTE
61	G36685964	Fundación Menela	Ocio sen barreiras para discapacitados	30	6.000 €	1.509 €
62	G36624120	Asociación padres de minusválidos Pontevedra	Programa Voluntariado: Cursos, servizos apoio, tempo libre.	34	9.026 €	1.710 €
63	G36806917	Hoy por Mañana	Edición Revista	20	2.697 €	1.006 €
64	G79408852	Médicos Mundo Galicia	Programa sensibilización, voluntariado e participación.	32	7.500 €	1.609 €
					TOTAL	143.821 €

2º.- Non conceder subvencións ás entidades que se relacionan, por no ser conformes coas bases 1ª (proxectos que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo) (gastos de administración e mantemento –persoal, administración, alugamentos...-); 2ª.a) (que sexan persoas xurídicas sen ánimo de lucro debidamente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións a data de presentación da solicitude, e teñan os seus datos actualizados conforme ao previsto polo Regulamento de Participación Cidadá; e 3ª (prazo de presentación das solicitudes), das bases de subvencións aprobadas en Xunta Local de Goberno de 06.06.05:

A.VV Casco Vello	Certame Mariñeiro	Festas (Base 1ª)
Asoc. Cidadá prevención da Violencia "Aliar"	Prevención e tratamento de conductas violentas	Muller (Base 1ª)
Fundación Juan Soñador	Programa Teranga: emprego, alfabetización, informática.	Benestar (Base 1ª)
Asociación Galega Xogadores Anónimos	III Congreso galego de Ludopatía	Benestar (Base 1ª)
Asociación Autismo Vigo	Coñece o Autismo: Charlas, carteis, deseño e xestión.	Benestar (Base 1ª)
Asociación Integración Desarrollo Africano AIDA	Semana Grande africana: Conferencias e concertos.	Benestar (Base 1ª)
Fundación Secretariado Gitano	Curso formación monitores de baile e percusión flamenca	Cultura (Base 1ª)
Asociación Madro	Grupo autoapoyo: salarios, Seg. Social, subministrados, material.	Bases 1ª
Estudiantes Galegos para axuda social	Non están inscritos no Rexistro	Bases 2ª

3º.- Desestimar os proxectos de subvención e aminoralos dos seus expedientes ás entidades que de seguido se relacionan, por non ser conformes coa base 1ª (aquelas que para a mesma finalidade teñan subscrito convenio de colaboración ou contratación de servizos co Concello de Vigo, ou dispoñan de axuda doutras áreas do Concello de Vigo) xa que figuran no estudio e proposta de subvención da convocatoria de Festas e Animación Sociocultural :

A.VV S. Miguel Oia	Cabalgata Reis, Entroido, San Xoan, Magosto, Festa Fin de	Proxectos solicitados na convocatoria de Festas e Animación
--------------------	---	---

	Ano.	Sociocultural
Centro Cultural Cabral Becerreira	Festival Folclórico	Proxectos solicitados na convocatoria de Festas e Animación Sociocultural
A.VV Parada Maceiriña	Fogueira das Candelas, Baile Entroido, Fogueira San Xoán, Magosto, Maio Cultural, Música de Bandas	Proxectos solicitados na convocatoria de Festas e Animación Sociocultural
A.VV "Monte da Mina" Castrelos	Festa Entroido, Festa do Magosto, Festa Fin de Ano	Proxectos solicitados na convocatoria de Festas e Animación Sociocultural
Sociedade Veciñal Nautilus	Festa de San Xoán, Excursión Culturais, , Día da Bicicleta, O noso Nadal, Xornadas de Teatro, Primaveira Cultural, Outono Musical.	Proxectos solicitados na convocatoria de Festas e Animación Sociocultural
Asociación cultural deportiva "Xestas"	Certame da Tortilla	Proxectos solicitados na convocatoria de Festas e Animación Sociocultural

**6(1345).-REVISIÓN DE PREZOS E PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE VIXILANCIA NO MUSEO MUNICIPAL QUIÑONES DE LEÓN DO QUE É ADXUDICATARIA A EMPRESA SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A. EXPTE. 1245/337.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.09.05, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Polo director do Museo Municipal, Quiñones de León, remítese resolución, do Concelleiro Delegado da Área de Asuntos Sociais, propoñendo que se inicie expediente para a revisión de prezos do contrato do servizo de vixianza do museo, que foi adxudicado a empresa SECURITAS, por acordo da Xunta Local de Goberno de data 15 de xullo de 2002.*

*No acordo da Comisión de Goberno citada, acodouse adxudicar a SECURITAS o concurso convocado, por un prezo hora de luns a venres de 13,46 euros, e de sábados e domingos e festivos diurnos de 14,37 euros. A cantidade máxima do contrato fixouse en 202.742 euros, que se imputaran 54.920 euros o presuposto de 2002, 101.376 euros o presuposto do 2003 e 46.446 euros ó presuposto ó presuposto do ano 2004.*

*A posibilidade de revisión de prezos do contrato, aparecerecollida na cláusula III do prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, que textualmente se manifesta nos seguintes termos:*

*“Procederá a primeira revisión de prezos transcurrido un ano dende o inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas ( 2 de xullo de 2002).*

As seguintes revisións faranse ttranscurrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no periodo comprendido entre a data de revisión de prezos e a data inmediata anterior”.

A primeira revisión de prezos do contrato, visto o anterior, tería os seus efectos a partir do 10 de outubro de 2003, (o contrato aparece asinado con data 2/10/2002), e efectuarise aplicando o prezo de adxudicación o incremento do IPC do periodo de apertura de proposicións ( 2 de xulio de 2002) e o mes en que se cumpla un ano de vixencia do contrato, outubro de 2003, que segundo datos do INE foi do 4,3%, dito incremento aplicado o prezo de adxudicación do contrato, nos daría o prezo total revisado para a anualidade 2003/2004, a partir de outubro de 2003, ascendendo esta a 211.459,91 euros para a totalidade das anualidades do contrato. resultando os prezos hora de luns a venres perante ese ano serían de 14,04 euros/hora e de 14,99 euros/hora para sabados, domingos e festivos.

A segunda revisión segundo o previsto no prego de cláusulas adinistrativas que rexeu o contrato tería lugar trancorrido un ano dende a anterior, é decir dende novembro de 2004, sendo o incremento do IPC a aplicar o producido entre outubro de 2003 e o do mes da data en que empeze a rexer a seguinte revisión, que dado que ten que transcorrer o prazo dun ano correspondería ó mes de outubro de 2004, ascendendo éste segundo datos do INE a 3,6%.

A Xunta local de Goberno en sesión celebrada o 5 de xullo de 2004, adoptou o acordo de modificar o contrato para a prestación do servizo de vixiancia no Museo municipal, no sentido de ampliar o número de horas de prestación do servizo en 200, de martes a venres, e 75 horas de sábados e festivos o que supón un incremento no custo do contrato de 3.925 euros, que se imputarán na partida 451.3.227.01.01 do actual presuposto.

Así mesmo, acordouse, prorrogar o contrato do servizo de vixiancia no Museo Quiñones de León coa empresa SECURITAS, Seguridad España, S.A., polo periodo comprendido entre o 10 de outubro de 2004 e o 10 de outubro de 2005. O gasto do contrato fixouse en 34.930,35 euros para o ano 2004 ó que se imputara a partida presupuestaria que se cita no apartado anterior.

A efectos de revisión, por parte deste servizo non se ten en conta a imputación presupostaria que se menciona, xa que como se desprende do anterior, ó tratarse dun servizo facturado segundo horas de prestación o prezo anual será o resultado de multiplicar o prezo/hora polo nº de horas prestadas.

Visto o anterior, o incremento do 3,6% do IPC, aplicado ó prezo hora de servizo nos da os seguintes resultados: prezo hora de luns a venres será de 14,54 e o prezo hora sábados domingos e festivos será 15,53 euros, a aplicar dende o 10 de outubro de 2004 e ata o 10 de outubro de 2005, resultando a cantidade total contractual revisada, unha vez tida en conta a modificación aprobada pola Xunta local de Goberno de 5 de xullo de 2004, a de 219.072,47 euros.

En data 5 de stembro de 2005, polo Director do Museo Quiñones de León, remítese escrito, propondo, que a vista de que a empresa securitas está prestando o servizo de forma satisfactoria, e a prestación de dito servizo é necesaria, a prórroga do contrato por outra anualidade.

A posibilidade de prórroga pódese fundamentar, xa que segundo cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas, o contrato tería a duración de dous anos, a contar dende o día seguinte a sinatura do contrato, sendo posible a prórroga por periodos anuais, ata un máximo de dous anos mais.

A sinatura do contrato realizouse o 9 de outubro de 2002, polo que o contrato pode ser prorrogado polo periodo comprendido entre o 10 de outubro de 2005 e o 10 de outubro de 2006.

*Polo exposto, proponse a Xunta Local de Goberno, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Revisar o prezo do contrato do servizo de vixianza do Museo Municipal Quiñones de León, adxudicado a empresa Securitas, “Seguridad España, S.A.”, para o periodo comprendido entre o 10 de outubro de 2003 e o 10 de outubro de 2004, fixando o mesmo na cantidade total contractual de 211.459,91 euros.*

*Sendo o prezo hora de prestación de servizo, de luns a venres, a partir do 10 de outubro de 2003 de 14,04 euros, e o prezo hora para sábados, domingos e festivos de 14,99 euros.*

*2º.- Revisar o prezo de dita contratación para o periodo outubro de 2004 a outubro de 2005, fixando o prezo total contractual na cantidade total de 219.072,47 euros.*

*O prezo hora de prestación de servizo como consecuencia desta revisión quedaría establecido nas seguintes cantidades: para os días laborais, de luns a venres 14,54 euros/hora, en canto o prezo para sábados domingos e festivos dito prezo fixariase na cantidade de 15,53 euros.*

*3º.-Prorrogar o contrato do servizo de vixancia do Museo Municipal Quiñones de León, do que é contratista a Empresa Securitas, Seguridad España, S.A., polo periodo comprendido entre o 10 de outubro de 2005 e o 9 de outubro de 2006.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(1346).-ADJUDICACIÓN SERVIZO DE MANTEMENTO E INFRAESTRUCTURAS DA REDE TRUNKING DE COMUNICACIÓNS A TALLERES ELECTROTÉCNICOS DE PONTEVEDRA, S. COOP (TAELO). EXPTE. 2101/113.**

#### Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 8.08.05 acorda aprobar o expediente para a contratación do servizo de mantemento e da infraestrutura da rede de comunicación Trunking que da servizo á Policía Local e Bombeiros do Concello de Vigo.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 9.09.05 certifica que durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación presentáronse as seguintes proposicións no Rexistro Xeral: 1.-Talleres Electrotécnicos de Pontevedra S. Coop.

A Mesa de Contratación en sesión do 19.09.05 procedeu á apertura da documentación administrativa e en sesión do 26.09.05 da oferta económica, admitindo a propostas e pasándoa a informe-proposta do Servizo de Informática que foi emitido polo xefe de dito servizo con data 27.09.05, proponendo a adxudicación da dita empresa.

En sesión do 3.10.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

## Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Talleres Electrotécnicos de Pontevedra Sociedade Cooperativa o servizo de mantemento e infraestrutura da rede Trunking do Concello de Vigo por un importe de 23,20 euros por terminal o que supón un custo ata o 31.12.2005 de 15.938,40 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 08.08.2005 e a oferta presentada.

### **8(1347).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE CONCURSO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA “DEPORTE PARA PERSOAS MAIORES”. EXPTE. 11380/301**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas do 6.05.05, asinado pola técnica de Benestar Social, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 9.09.05; visto o informe xurídico de do 6.09.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 18.08.05, conformado pola concelleira da Área de Benestar Social e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 37.000 euros/ano para a contratación da prestación dos servizos para o desenvolvemento do programa de deporte para persoas maiores que se imputarán á partida 31302260801 do presuposto do ano 2005 e seguintes.

2º.- Aprobar os pregos de condicións técnicas e administrativas para a contratación da prestación dos servizos para o desenvolvemento do programa de deporte para persoas maiores.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **9(1348).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. FÉLIX GOBERNA COSTAS CONTRA RESOLUCIÓN DENEGATORIA DE OBRAS NO BAR-RESTAURANTE AS DORNAS NA PRAIA DE SAMIL. EXPTE. 17113/240. PROPOSTA DESESTIMATORIA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 5.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

*Don Félix Goberna Costas, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de maio de 2005, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 4 de abril de 2005, na que se lle denega a súa solicitude de autorización de obras para a realización dun pavillón de servizos sanitarios e duchas na praia de Samil ó vincular as obras á ampliación do prazo da concesión do bar restaurante “As dornas”, da que é titular, e ser este improrrogable consonte o disposto no artigo 80 do RBEL.*

## FUNDAMENTOS DE DEREITO:

*Primeiro.- O Sr. Goberna alega que non cabe a aplicación á concesión da que é titular do RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL), dado que está entrou en vigor en data posterior ó acordo plenario polo que se lle otorgou a concesión, sendolle de aplicación á mesma o Regulamento de Bens das Corporacións Locais de 27 de maio de 1955, vixente naquel momento, alegación que estimamos certa. No entanto, este regulamento establece igualmente a improrrogabilidade dos prazos das concesións administrativas no seu artigo 63.3 ó dispor que nas bases o cláusulas das concesións figurará “o prazo de utilización, que terá carácter improrrogable, sen prexuízo do disposto no regulamento de contratación”. Considera o recorrente que a remisión ó regulamento de contratación permite expresamente a prórroga por vía contractual, tendo en conta que, nin nas bases do concurso de adxudicación, nin na escritura pública da concesión se establece que a mesma sexa improrrogable, e sendo a omisión da devandita cláusula responsabilidade da Administración concedente. Máis, o artigo mencionado o que prescribe é a non aplicación neste suposto do regulamento de contratación. Dado que a improrrogabilidade do prazo concesional é imposta directamente por unha norma xurídica, é de cumprimento obrigado para a Administración, e o dato de que non figure mencionada expresamente no prego de condicións que rexe a concesión non obsta o seu cumprimento, dado que consonte o artigo 6 do Código Civil “os actos contrarios ás normas imperativas son nulos de pleno dereito”.*

*Segundo.- O recorrente fai algunhas precisións respecto o día inicial do cómputo do prazo concesional, máis consonte o Acordo da Comisión Municipal Permanente de 8 de xaneiro de 1980 o prazo de 30 anos otorgado a Don Félix Goberna Costas para a explotación do restaurante 3-M-1, na praia de Samil, debe contarse a partir do día 10 de xaneiro de 1977, data na que lle foi notificado o acordo plenario de 30 de decembro de 1976.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar o recurso de reposición interposto por don Félix Goberna Costas, contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 4 de abril de 2005, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultar desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron”.*

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(1349).- RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA FORMULADA POR DON JUÁN FERNÁNDEZ ROMÁN NO SEU PROPIO NOME E EN NOME E REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE DE MONTES DE CASTRELOS RESPECTO Á PROPIEDAD DO MONTE AS BARALLAS. EXPTE. 17377/240. PROPOSTA DE INADMISIÓN.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 5.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- *Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP).*



- *Lei 55/1980, de 11 de noviembre, de montes veciñais en man común (LMV).*
- *Lei do Parlamento de Galicia 13/89, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común (LMVG).*

#### ANTECEDENTES:

*Primeiro.- Don Juan Fernández Román, no seu propio nome, na súa condición de comuneiro, e en nome e representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Castrelos, na súa calidade de presidente da xunta rectora da mesma, formula reclamación administrativa previa á vía xudicial civil, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de xullo de 2005, solicitando que o Concello declare que a propiedade do monte “As Barallas” pertence a citada comunidade, abstenéndose no sucesivo de realizar calquera acto de disposición sobre o mesmo, e que se proceda a dálo de baixa no Inventario Municipal de bens e dereitos, no caso de que figurase no mesmo como ben de propiedade municipal.*

*Segundo.- O Sr. Fernández manifesta no seu escrito que “os veciños da parroquia de Castrelos son donos do monte “As Barallas” por posuílo dende tempo inmemorial, en réxime de aproveitamento colectivo e sen especial asignación de cotas, na forma prevista no artigo 1 de Lei do Parlamento de Galicia 13/89, segundo consta na documentación histórica obrante nos distintos arquivos públicos.*

*Terceiro.- Alega así mesmo o reclamante que o devandito monte foi no seu día ocupado parcialmente polo Concello de Vigo, construíndose sobre o mesmo un vial de acceso á Universidade de Vigo, sen contar co consentimento nin a autorización da comunidade propietaria.*

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

*Primeiro.- O monte “As Barallas” figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado polo Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993 no epígrafe 1 correspondente a bens inmobles, co código de propiedade 00534, ca natureza xurídica de ben patrimonial, e foi adquirido por cesión da Administración do Estado, constando como data de adquisición o 17 de outubro de 1925.*

*Segundo.- A clasificación dun monte como veciñal correspóndelle ós Xurados Provinciais de Montes (artigo 9 da LMVG), polo que esta Administración municipal carece de competencia na materia. Coa reclamación previa, a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Castrelos achega unha resolución adoptada polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, de data 20 de febreiro de 2003, que acordou clasificar ó seu favor determinados montes como veciñais en man común e non clasificar, entre outros, o monte “As Barallas”, por non quedar acreditado o seu aproveitamento veciñal.*

*Terceiro.- Respecto á determinación da titularidade dominical do monte, esta Administración carece, así mesmo de competencias, pois consonte o artigo 10.9 LMV “as cuestións relativas ó dominio e demais dereitos reais sobre os montes serán da competencia da Xurisdicción Ordinaria”. En calquera caso, o Sr. Fernández non aporta título ningún que xustifique que a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Castrelos é propietaria do monte “As Barallas”, e contradiga a condición de propietario do mesmo deste Concello.*

*Cuarto.- Consorte o artigo 127.1.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local, corresponde a Xunta de Goberno Local a xestión, adquisición e a enaxenación do patrimonio.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Inadmitir a reclamación administrativa previa ó exercicio de accións na vía xudicial civil formulada por don Juan Fernández Román, no seu propio nome, na súa condición de comuneiro, e en nome e representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Castrelos, respecto á propiedade do monte As Barallas”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(1350).- RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA FORMULADA POR DON MANUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ NO SEU PROPIO NOME E NO DA COMUNIDADE DE MONTES DE TEIS RESPECTO DA PROPIEDAD DE PARCELAS SITAS NO MONTE DA MADROA. EXPTE. 17378/240. INADMISIBLE A RECLAMACIÓN**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 5.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

#### *NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

- *Lei 55/1980, de 11 de novembro, de montes veciñais en man común (LMV).*
- *Lei do Parlamento de Galicia 13/89, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común.*

#### *ANTECEDENTES:*

*Primeiro.- Don Manuel López Rodríguez, no seu propio nome, na súa condición de comuneiro, e en nome e representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Teis, na súa calidade de presidente da xunta rectora da mesma, formula reclamación administrativa previa á vía xudicial civil, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de agosto de 2005, solicitando que o Concello declare que a propiedade das parcelas municipais que están no monte veciñal en man común da Madroa correspóndelle á citada comunidade, que acorde a posta a disposición da comunidade das devanditas parcelas, así como das edificacións construídas sobre as mesmas, abstenéndose no sucesivo o Concello de realizar calquera acto de disposición sobre as mesmas, que se teña por notificado ós efectos de proceder á aplicación do réxime de liquidación de frutos, gastos e melloras establecido polo Código Civil para os poseedores de mala fe e, asimismo, que se proceda a dar de baixa no Inventario Municipal de bens e dereitos as devanditas parcelas e edificacións, no caso de que figurasen no mesmo como bens de propiedade municipal.*

*Segundo.- O Sr. López Rodríguez manifesta no seu escrito que “a Comunidade de montes veciñais en man común de Teis é dona do monte “Madroa”, por posuílo os veciños da devandita parroquia dende tempo inmemorial, en réxime de aproveitamento colectivo e sen especial asignación de cotas, na forma prevista no artigo 1 de Lei do Parlamento de Galicia 13/89, e así foi clasificado ó seu favor por Resolución do Xurado de Montes de Pontevedra, de data 4 de xuño de 1997”. Desta clasificación excluíronse as ocupacións derivadas de cesións efectuadas polo Concello de Vigo, naquela data responsábel da custodia e conservación de ditos montes.*

*Terceiro.- Segundo o reclamante dentro do monte veciñal “Madroa”, propiedade da Comunidade de montes veciñais en man común de Teis, atópanse encravadas as seguintes parcelas, propiedade do Excmo. Concello de Vigo, e obxeto da presente reclamación:*

- Instalacions do Zoolóxico.
- Campo de fútbol de San Paio.
- Instalacións deportivas do Clube de fútbol Candean.
- Instalacións deportivas da Madroa.
- Parcela na que está situada parte do depósito municipal de Candean.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

*Primeiro.- A clasificación dun monte como veciñal correspóndelle ós Xurados Provinciais de Montes (artigo 9 da LMV), polo que esta Administración municipal carece de competencia na materia.*

*Segundo.- Respecto á determinación da titularidade dominical do monte, esta Administración carece, así mesmo de competencias, pois consonte o artigo 10.9 LMV “as cuestións relativas ó dominio e demais dereitos reais sobre os montes serán da competencia da Xurisdicción Ordinaria”. En calquera caso, o Sr. López non aporta título ningún que xustifique que a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Teis é propietaria das devanditas parcelas do monte Madroa, e contradiga a condición de propietario das mesmas deste Concello.*

*Terceiro.- Consorte o artigo 127.1.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local, corresponde a Xunta de Goberno Local a xestión, adquisición e a enaxenación do patrimonio.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Inadmitir a reclamación administrativa previa ó exercicio de accións na vía xudicial civil formulada por don Manuel López Rodríguez, no seu propio nome, na súa condición de comuneiro, e en nome e representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Teis, respecto á propiedade de determinadas parcelas situadas no monte da Madroa”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(1351).- SOLICITUDE DE D. IGNACIO RODRÍGUEZ LANDÍN DE DESCATALOGACIÓN DE RAMAL DO CAMIÑO PERTEGUEIRAS. EXPTE 17107/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 30.09.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

#### *NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

- *L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).*
- *L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).*

- L 30/1992 de 26 de novembro, de Rèxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RD 24 xullo de 1889 do Còdigo Civil (CC).
- L 4/1994 de 14 de setembro de Estradas de Galicia (LEG)
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Rèxime Local (TRRL)
- RD 2568/1986 de 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento, e Rèxime Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

#### ANTECEDENTES:

*PRIMEIRO.- D. Ignacio Rodriguez Landin, mediante escrito con entrada no rexistro xeral do concello de data 8.10.2004 solicita a descatalogación do ramal Camiño de Pertegueiras ò considerar que se trata dunha vía privada.*

*SEGUNDO.- Na instrucción do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais procedentes, outorgándose trámite de audiencia òs propietarios colindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se poden ver afectados pola solicitude de desafectación plantexada pola reclamante, e emitidos diversos informes por parte dos técnicos e servizos municipais competentes nas diversas materias que poideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os Organos competentes desta Administración.*

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

*PRIMEIRO.- O camiño obxecto do presente expediente de rectificación, consta incluído no Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo plenario en data 04-05-1993, no epígrafe I- Inmóbeles-Vías Públicas coa seguinte descrición nas fichas técnicas e reflectidos na planimetría de viais do citado Inventario municipal:*

*-Rúa Pertegueiras R-1 coa orixe na Rúa Pertegueiras e remate na Finca particular nº 13.*

*SEGUNDO.- O Inventario municipal de bens e dereitos deste Concello foi aprobado definitivamente por acordo Plenario de data 4 de maio de 1.993, e con referencia ó 31 de decembro de 1.991, datando a súa aprobación inicial acordada polo Pleno Municipal o 19/12/1.992, e tendo sido sometido à información pública polo prazo regulamentario para coñecemento e formulación de todas aquelas alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses poideran manifestar os administrados. È de reseñar que durante ese período de información pública non consta que se houberse formulado ningunha alegación en relación a inclusión no Inventario municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente as vías públicas o camiño agora discutido, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do Inventario municipal, e do que resultou en consecuencia a consideración de tal vía como pública de titularidade municipal integrantes do patrimonio municipal da súa condición de bens de dominio público afectos ó uso público. Acordo Plenario da aprobación definitiva que deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e gozando da lexitimidade, validez e executividade que o noso Ordenamento Xurídico lle atribúe (Art. 56 e 57 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.*

*TERCEIRO.- Os bens de dominio público veñen regulados no noso Ordenamento Xurídico, tanto na normativa xurídica de Réxime Local como nas normas de dereito privado, e lexislación sectorial.*

Así a Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local (modificada por Lei 11/99) dispón no Art. 79.2 e 3, que os bens das Entidades Locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público os destinados à uso ou servicio público. Mesmo o Art. 80 sinala que os bens comunais e demais bens de dominio público son inalienàbeis, inembargàbeis e imprescriptíbeis. No mesmo senso pronúnciase a Ley 5/97 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia no Art. 263, concretando como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da Entidade Local. Igualmente nos mesmos termos recóllese no R.D. 1.372/86 de 13 de xuño do Regulamento das Entidades Locais ( Art. 2 , 3 e 5).

Por outra banda o Código Civil igualmente configura como bens de uso público nas Provincias e Pobos os camiños provinciais ou veciñais, as prazas, rúas, fontes e augas públicas, paseos e obras públicas de servicios xerais, costeadas polos mesmos pobos ou provincias. Na Lexislación de Estradas de Galicia (LEG) faise mención òs camiños de servicio tanto os de titularidade dominical pública como os construídos por persoas ou entidades privadas, e a súa transición o uso público cando as circunstancias concorrentes nos camiños así o permita e o interese xeral o demande.

CUARTO.- Neste marco normativo sitúanse os medios e facultades de que se dispón para garantir a protección e defensa do patrimonio das Entidades Públicas na defensa do interese xeral o que serve. Entre elas resulta de relevancia a obriga que se impón ás Administracións Locais da formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio, como se recolle na LALG no seu Art. 278, e no Art. 17 do RBEL, onde se preve que o inventario dos bens inmóbeis comprenderan as vías públicas cos datos necesarios para a súa individualización, límites, longura e anchura (Art. 20 g).

QUINTO.- O presente expediente de rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos ten como finalidade a determinación da correcta inclusión no epígrafe I de vías públicas do camiños en cuestión, e en atención o seu uso público, ou pola contra non concorre dita condición de uso público e consecuentemente procedería a súa rectificación inventarial dándoo de baixa.

Neste senso a controversia cèntrase na configuración ou non dese camiño como público pola súa afectación ó uso público en xeral e polo tanto dunha posesión pública por parte deste Concello, sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan plantexarse, ó ser competencia para seu coñecemento e resolución, sobre titularidades dominicais ou cuestións de propiedade, a xurisdicción civil como reiteradamente xa ven declarando a Xurisprudencia do Tribunal Supremo.

SEXTO.- Así mesmo a Administración Local ten plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos dispoñendo igualmente da facultade da prescrición adquisitiva contemplada no noso ordenamento xurídico (art. 5 da LRBRL, art. 270 e 275 da LALG, arts. 8.4.c, 9, 14.1 do RBEL e art. 1940 e ss. do CC). O tempo da súa obriga na protección, defensa e reivindicación dos seus bens e dereitos sen que poida allanarse as demandas formuladas contra eles (art. 5, 68.1 da LRBRL, art. 270, 284.2, 285 da LALG, art. 220 ROFRXAL, e art. 9 e 73 do RBEL).

SETIMO.- Centrada a cuestión na afectación de dito camiño o seu destino ò uso público, e na posesión pública e pacífica que esta Administración exerce sobre o mesmo, pòdese considerar que o tramo do ramal 1 do camiño de Pertegueiras obxecto do presente expediente figura como vía pública no Inventario municipal de bens e dereitos do ano 1993, estando atribuída pacificamente a este a condición de via de uso público afectos á rede viaria municipal, vencellada a unha vía pública que constitue o acceso a varias parcelas colindantes, vindo reflectido xa na cartografía antiga municipal e nos planos catastrais, e baixo a denominación de sendeiro recóllese como lindeiro oeste da finca chamada "Besadiña" achegada polo propio solicitante, de todo o que se deduce a aparencia pública na súa utilización.

A teor do exposto, non se aprecia a concorrencia de circunstancias que desvirtúen indubitadamente a aparencia de uso público e posesión municipal do devandito ramal, e consecuentemente da conveniencia dunha rectificación do Inventario municipal de viais.

OITAVO.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.f da LRBRL), debèndose dar traslado ò Pleno Municipal para a súa consideración na aprobación e rectificación anual do Inventario Municipal como órgano que ten atribuído ditas competencias (art.278 LALG e art. 33 do RBEL).

Por todo o anteriormente exposto propónse à Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

“UNICO.- Desestimar a solicitude formulada por D. Ignacio Rodriguez Landin, ó non apreciarse concorrencia de circunstancias que motiven e xustifiquen a pretensión da desafectación o uso público municipal do Ramal 1 do camiño de Pertegueiras na parroquia de Alcabre.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(1352).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D<sup>a</sup> CARMEN VILA LIBOREIRO EN RELACIÓN COA DESAFECTACIÓN DO CAMIÑO DE BARROS R-1. EXPTE. 17239/240. DESESTIMACIÓN.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 27.09.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 novembro , do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP)
- L 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

#### **ANTECEDENTES:**

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en data 27 de xuño de 2005, acordou desestimar a solicitude de dona Carmen Vila Liboreiro de ò estar afectada na súa totalidade polo trazado viario previsto no PXOU vixente, consonte o acordo do Pleno Municipal de data 30 de novembro de 1994.

SEGUNDO.- Con data de entrada no rexistro xeral deste Concello de 29.07.2005 interponse pola interesada recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a desafectación do camiño de Barros R-1.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

*PRIMEIRO.- O acordo desestimatorio recorrido, fundamentase nunha resolución administrativa adoptada por òrgano competente no ano 1994 pola que resolviase a inclusión dunha clausula xeral nos procedementos sobre reclamacións ò viario municipal, no senso de non modificalo naqueles casos en que estivera afectado polas alineacións do PXOU. Dita resolución è firme e executiva, resultando polo tanto de aplicación o suposto de modificación inventarial plantexado pola recorrente, e motivando o acordo recorrido sen que se aprecie a concorrencia de circunstancias que o modifiquen ou desvirtuen, non procedendo entrar en cuestión de dereito privado que deberàn solventarse no seu caso ante a xurisdicción civil.*

*SEGUNDO.-- Corresponde à Xunta de Goberno Local, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo de 27.06.2005, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.*

*Por todo o anteriormente exposto, proponse à Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*“UNICO. Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Carmen Vila Liboreiro, contra o acordo da Xunta de Goberno Local 27 de xuño de 2005 ò non resultar desvirtuados os fundamentos xurídicos que motivaron a desestimación da solicitude de desafectación do camiño de Barros R-1.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(1353).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D<sup>a</sup> CELSA DAPONTE ROMERO E OUTROS, EN RELACIÓN COA CATALOGACIÓN COMO PÚBLICO DUN TRAMO DO CAMIÑO DE CARBALLAL NA PARROQUIA DE BEMBRIVE. EXPTE. 17314/240. DESESTIMACIÓN.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 27.09.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

#### *NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

- *L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *L 33/2003 de 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Publicas (LPAAPP)*
- *L 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Pùblicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*
- *RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

#### *ANTECEDENTES:*

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en data 4 de xullo de 2005, acordou desestimar a solicitude de dona Celsa Daponte Romero, dona Dolores Daponte Romero e dona Olga Lourido Daponte, da catalogación como*

público dun tramo do camiño de Carballal na parroquia de Bembrive, ao tratarse dunha cuestión xa resolta polo Pleno Municipal en acordo de 30 de novembro de 1994.

SEGUNDO.- Con data de entrada no rexistro xeral deste Concello de 12.09.2005 interponse polas interesadas recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local en data 4 de xullo de 2005 solicitando a revisión da resolución adoptada e se procedese ó inicio dos trámites para a inclusión do ramal no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- O acordo desestimatorio recorrido, fundaméntase nunha resolución administrativa adoptada por órgano competente no ano 1994 e que resolvía a mesma pretensión da agora solicitada. Dita resolución deviu firme e executiva, non apreciándose a concorrencia de circunstancias legais que habilite o procedemento revisor, nin a propia recorrente cita precepto algún ou motiva a súa solicitude en calquera dos supostos previstos no noso ordeamento que a poidera facultar (art. 62.1, art.102 e art. 118 LRXAP e PAC).

Nestes termos, resulta del todo improcedente a solicitude revisoria instada pola recorrente dun acto administrativo válido e firme, que resolveu e puxo termo à pretensión de inclusión inventarial, no epígrafe de vías públicas, do terreo discutido.

SEGUNDO.- Corresponde à Xunta de Goberno Local, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo de 04.07.2005, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.

Por todo o anteriormente exposto, proponse à Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“UNICO. Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Celsa Daponte Romero, dona Dolores Daponte Romero e dona Olga Lourido contra o acordo da Xunta de Goberno Local 04.07.2005 ò non resultar desvirtuados os fundamentos xurídicos que motivaron a desestimación da solicitude de catalogación como público dun tramo do camiño de Carballal na parroquia de Bembrive.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(1354).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. JOSÉ ADEL FRAIZ VIEITEZ, EN RELACIÓN COA RECUPERACIÓN DA POSESIÓN DE PROPIEDAD MUNICIPAL. EXPTE. 17125/240. DESESTIMACIÓN**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 27.09.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP)



- L30/1992 de 26 de novembro, de Rèxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Rèxime Local (TRRL)
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

D. José Adel Fraiz Vieitez, formula recurso de reposición o 29.07.2005 contra acordo da Xunta de Goberno Local de 13.06.2005 polo que acordouse o exercicio da acción recuperatoria de oficio da posesión da propiedade municipal sita na parte traseira do edificio nº 63 da Avda. de Balaidos ante a súa ocupación ilícita coa construción dun peche e obstrución da servidume de paso existente dende a Avda. de Balaidos.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**PRIMEIRO.-** O interesado no seu recurso manifesta a necesidade dunha previa determinación da superficie das parcelas pertencentes ó Concello e a Comunidade de Propietarios do edificio nº 63 da Avda. de Balaidos e a suspensión nese intre da execución do acordo adoptado.

**SEGUNDO.-** O acordo recorrido adoptouse no marco das facultades administrativas que o ordenamento xurídico outorga as Administracións Públicas na defensa e protección do seu patrimonio (art. 28 y 41 da LPAAPP), resultando da instrucción do expediente a concorrencia dos presupostos fácticos e xurídicos necesarios para o seu exercicio, atopándose suficientemente acreditada nos informes e documentación técnica emitida a ocupación ilícita polo recorrente da parcela municipal así como a interrupción do paso existente dende a Avda. de Balaidos. Conseqüentemente, resulta improcedente no presente caso, para o exercicio da acción recuperatoria de oficio da posesión municipal, o solicitado pola recorrente sobre o deslinde da propiedade municipal e a da Comunidade de Propietarios do edificio nº 63 da Avda. de Balaidos, atopándose perfectamente definida e delimitada a municipal, e sen que quepa entrar noutras cuestións plantexadas propias do ámbito civil, polo tanto alleas ó presente procedemento administrativo, que deberán solventarse na orde xurisdiccional civil (art. 41.3 LPAAPP).

**TERCEIRO.-** Corresponde à Xunta de Goberno Local, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo de 13.06.2005, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.

Por todo o anteriormente exposto, proponse à Xunta de Goberno Local a adopcion do seguinte ACORDO:

**UNICO.** Desestimar o recurso de reposición interposto por D. José Adel Fraiz Vieitez contra o acordo da Xunta de Goberno Local 13.06.2005 ò non resultar desvirtuados, polos razoamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos xurídicos que motivaron a recuperación de oficio da posesión da propiedade municipal sita na parte traseira do edificio nº 63 da Avda. de Balaidos ante a súa ocupación ilícita coa construción dun peche e obstrución da servidume de paso existente dende a Avda. de Balaidos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(1355).- SOLICITUDE DE D. ALBERTO SANROMÁN RODRÍGUEZ DE DESAFECTACIÓN DO CAMIÑO DA DEVESA NA PARROQUIA DE SAIANS. DESESTIMADA. EXPTE 17308/240**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 27.09.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).
- L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- L 4/1994 de 14 de setembro de Estradas de Galicia (LEG)
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)
- RD 2568/1986 de 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

**ANTECEDENTES:**

**PRIMEIRO.-** D. Alberto Sanroman Rodríguez, mediante escrito con entrada no rexistro xeral do concello en data 18.05.2005 solicita a consideración como servidume do camiño da Devesa en Saians, ó considerar que non se trata dunha dunha vía pública.

**SEGUNDO.-** Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais procedentes, e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos e servizos municipais competentes nas diversas materias que poideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os Organos competentes desta Administración.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**PRIMEIRO.-** O camiño obxecto do presente expediente de rectificación, consta incluído no Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo plenario en data 04-05-1993, no epígrafe I- Inmables-Vías Públicas e reflectido na planimetría de viais do citado Inventario municipal.

**SEGUNDO.-** O Inventario municipal de bens e dereitos deste Concello foi aprobado definitivamente por acordo Plenario de data 4 de maio de 1.993, e con referencia ó 31 de decembro de 1.991, datando a súa aprobación inicial acordada polo Pleno Municipal o 19/12/1.992, e tendo sido sometido à información pública polo prazo regulamentario para coñecemento e formulación de todas aquelas alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses poideran manifestar os administrados. È de reseñar que durante ese período de información pública non consta que se houberse formulado ningunha alegación en relación a inclusión no Inventario municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente as vías públicas o camiño agora discutido, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do Inventario municipal, e do que resultou en consecuencia a consideración de tal vía como pública de titularidade municipal integrantes do patrimonio municipal da súa condición de bens de dominio público afectos ó uso público. Acordo Plenario da aprobación definitiva que deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e gozando da lexitimidade, validez e executividade que o noso Ordenamento Xurídico lle atribúe (Art. 56 e 57 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

*TERCEIRO.- Os bens de dominio público veñen regulados no noso Ordenamento Xurídico , tanto na normativa xurídica de réxime local como nas normas de dereito privado, e lexislación sectorial.*

*Así a Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local (modificada por Lei 11/99) dispón no Art. 79.2 e 3, que os bens das Entidades Locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público os destinados à uso ou servizo público. Mesmo o Art. 80 sinala que os bens comunales e demais bens de dominio público son inalienábeis, inembargábeis e imprescriptíbeis . No mesmo senso pronúnciase a Ley 5/97 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia no Art. 263, concretando como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da Entidade Local. Igualmente nos mesmos termos recóllese no R.D. 1.372/86 de 13 de xuño do Regulamento das Entidades Locais ( Art. 2 , 3 e 5).*

*Por outra banda o Código Civil igualmente configura como bens de uso público nas Provincias e Pobos os camiños provinciais ou veciñais, as prazas, rúas, fontes e augas públicas, paseos e obras públicas de servizos xerais, costeadas polos mesmos pobos ou provincias. Na Lexislación de Estradas de Galicia (LEG) faise mención òs camiños de servizo tanto os de titularidade dominical pública como os construídos por persoas ou entidades privadas, e a súa transición ò uso público cando as circunstancias concorrentes nos camiños así o permita e o interese xeral o demande.*

*CUARTO.- Neste marco normativo sitúanse os medios e facultades de que se dispón para garantir a protección e defensa do patrimonio das Entidades Públicas na defensa do interese xeral o que serve. Entre elas resulta de relevancia a obriga que se impón ás Administracións Locais da formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio, como se recolle na LALG no seu Art. 278, e no Art. 17 do RBEL, onde se preve que o inventario dos bens inmóbeis comprenderan as vías públicas cos datos necesarios para a súa individualización, límites, longura e anchura (Art. 20 g).*

*QUINTO.- O presente expediente de rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos ten como finalidade a determinación da correcta inclusión no epígrafe I de vías públicas do camiño en cuestión, e en atención o seu uso público, ou pola contra non concorre dita condición de uso público e consecuentemente procedería a súa rectificación inventarial dándoo de baixa. Neste senso a controversia céntrase na configuración ou non dese camiño como público pola súa afectación ó uso público en xeral e polo tanto dunha posesión pública por parte deste Concello, sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan plantexarse, ó ser competencia para seu coñecemento e resolución, sobre titularidades dominicais ou cuestións de propiedade, á xurisdicción civil como reiteradamente xa ven declarando a Xurisprudencia do Tribunal Supremo.*

*SEXTO.- Así mesmo a Administración Local ten plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos dispoñendo igualmente da facultade da prescrición adquisitiva contemplada no noso ordeamento xurídico (art. 5 da LRBRL, art. 270 e 275 da LALG, arts. 8.4.c, 9, 14.1 do RBEL e art. 1940 e ss. do CC). O tempo da súa obriga na protección, defensa e reivindicación dos seus bens e dereitos sen que poida allanarse as demandas formuladas contra eles (art. 5, 68.1 da LRBRL, art. 270, 284.2, 285 da LALG, art. 220 ROFRXAL, e art. 9 e 73 do RBEL).*

*SETIMO.- Centrada a cuestión na afectación de dito camiño o seu destino o uso público, e na posesión pública e pacífica que esta Administración exerce sobre o mesmo, pòdese considerar que o tramo do camiño da Devesa obxecto do presente expediente figura como vía pública no Inventario municipal de bens e dereitos do ano 1993, estando atribuída pacificamente a este a condición de vía de uso público afectos á rede viaria municipal, con servizos públicos, vindo reflectido como vía nos planos catastrais, como no plano presentado pola propiedade*

*reclamante para o outorgamento dunha licencia de obra ou na escritura achegada onde se fai mención a súa colindancia co camiño de servizo e non servidume (informe do topógrafo municipal de 29.08.2005).*

*A teor do exposto, non se aprecia a concorrencia de circunstancias que desvirtúen indubidadamente a aparencia de uso público e posesión municipal do devandito camiño, e consecuentemente a procedencia da rectificación do Inventario municipal de viais.*

*OITAVO.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.f da LRBRL),*

*Por todo o anteriormente exposto propónse à Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:*

*“UNICO.- Desestima-la solicitude formulada por D. Alberto Sanroman Rodriguez, ò non apreciarse concorrencia de circunstancias que motiven e xustifiquen pretensión da desafectación ó uso público municipal dun tramo do camiño da Devesa na parroquia de Saians.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(1356).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:**

##### a) MDC INGENIERÍA S.L.. EXPTE. 885/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral do 03.10.05 e de acordo coa proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 07.10.05, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a MDC Ingeniería, S.L., a fianza de 1.555 euros, constituída para responder da reparación estrutural do vehículo PO-9103-AC, xa que foi executada conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer lo prazo de garantía.

##### b) I.B.M, S.A. EXPTE. 854/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da oficina técnica de informática do 19.09.05, o informe do interventor xeral do 03.10.05 e de acordo coa proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 07.10.05, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a IBM, S.A. (adquirinte de Informix Software Ibérica), a fianza de 168,28 euros, constituída para responder da realización do curso de programadores e analistas informáticos 1993, xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer lo prazo de garantía.

**18(1357).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ANA MARÍA DAVILA LAGO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 570/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 06.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Ana María Davila Lago presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 07 de agosto de 2003, no que expón que o día 17 de xullo de 2003, camiñando pola avenida de Camelias, á altura do número 125, tivo unha caída por mor do mal estado dunha lousa o que lle ocasionou danos físicos, que valora – nun escrito con data 28/10/2004, nun total de 2.120 euros (720 euros polo período de baixa, 800 euros por incapacidade e trastornos persoais e 600 euros por denuncia e demora).*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, de febreiro de 2004, no que informan que no lugar indicado pola reclamante, non hai ningún obstáculo na beirarrúa nin tampouco teñen constancia de reparacións recentes no lugar.*
- Informe do Policía Local, con data 23/05/2005, que informan non teren constancia dos feitos mencionados pola Sra. Davila.*
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 759,85 euros.*
- Escrito presentado pola Sra. Davila no que manifesta que o lugar correcto onde se accidentou foi á altura do número 159 da avenida de Camelias.*
- Novo informe do servizo de Vías e Obras, con data 24/08/2005, sobre os desperfectos existentes no novo lugar indicado pola Sra. Davila.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 30/09/2005.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que a reclamante non achega ningunha testemuña presencial dos feitos.*

*Sobre esta base, e á vista do expediente, pode constatarase que da presentación dos partes de asistencia médica dedúcese que a Sra. Davila sufriu determinados danos, pero non demostran en modo ningún, nin o feito da caída, nin o lugar da mesma. Dado que non existen testemuñas presenciais do accidente, a informante estima que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*1º.-Desestimar a reclamación de dona Ana María Davila Lago por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probados nin os feitos nin o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(1358).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MARÍA LORENZO LORENZO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16435/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 05.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dona María Lorenzo Lorenzo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de xuño de 2003, no que expón que o día 25 de maio de 2003, ás*

17:00 horas, cando circulaba pola rúa García Barbón sufriu unha caída por mor dunhas placas de metal situadas na beirarrúa, á altura da entrada ó garaxe do nº 131.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de outubro de 2003, que establece que se levaron a cabo reparacións en varios puntos de García Barbón, e un deles foi o nº 131. Fixo as reparacións “Construcciones Lino Costas”, subcontratado por “Construccions Rias Baixas”, á que se lle dera unha concesión de reparación de beirarruas.
- Declaración xurada dunha testemuña presencial dos feitos, de data 31 de decembro de 2003, que corrobora as alegacións da reclamante.
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 22 de xullo de 2004, que cuantifica os mesmos en 1.948,96 euros.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de novembro de 2004, especificando que a empresa contratada polo Concello para a reparación das beirarrúas nas datas en que se produciu a caída foi Construcciones Rias Baixas ou Construccions Dios.
- Evacuase trámite de audiencia a Construccions Rías Baixas, en data 10 de xaneiro de 2005, que confirma que a principios do mes de maio de 2003 estivo realizando obras de reparación e reposición de beirarrúas, motivadas por un socavón orixinado no nº 133 da rúa García Barbón e comunica ó Concello que remitiu copia do expediente administrativo á súa compañía de seguros co fin de que esta valore as súas posibles responsabilidades e a cuantía da indemnización reclamada.
- Proba testifical, en data 1 de setembro de 2005, á testemuña proposta pola reclamante, cuxa declaración xurada constaba no expediente e manifesta non ter presenciado a caída, pois atopábase traballando na farmacia e tivo coñecemento dos feitos con posterioridade, cando a Sra. Lorenzo entrou na mesma solicitando axuda.
- Evacuase novo trámite de audiencia a Construcciones Rías Baixas, en data 15 de setembro de 2005, que tampouco formula alegacións.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, en data 13 de setembro de 2005, e non formula alegacións.

#### Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

d) *Que non sexa produto de forza maior.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á administración local figura a pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (art. 25.2.d e art. 26.1.a da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local). Así, a administración ten o deber ineludible de manter estes de modo tal que estea garantindo en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber a administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos, fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que esta obrigada a garantir.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade patrimonial). No entanto, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor citou a presunta testemuña dos feitos, proposta pola reclamante, mais a mesma non presenciou a caída, polo que pode constatar que a Sra. Lorenzo entrou na farmacia na que ela traballa solicitando axuda tras terse caído na rúa e que esta presentaba diversos danos, pero non pode precisar o lugar onde caeu a reclamante, pois só ten referencia do mesmo polas manifestacións da mesma. Dado que non existe ningunha testemuña presencial do accidente, a informante estima que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación, nin a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de dona María Lorenzo Lorenzo, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultaren probados nin os feitos nin o nexo causal entre o dano e o funcionamento dalgún servizo público deste Concello ”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(1359).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. DOLORES COSTAS PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16052/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 05.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dona Dolores Costas Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 06 de maio de 2003, polos danos materiais sufridos no vehículo de súa propiedade, con matrícula 3937-BSV, o día 26 de marzo de 2003, cando circulaba co mesmo don Miguel Angel Iglesias Costas pola praza de Vilar e reventóulle unha das rodas por mor do mal estado do pavimento da vía.*



A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 26/03/2003, no que os axentes actuantes manifestan que acuden ó lugar do accidente requeridos polo conductor do vehículo, e tras recoller as manifestacións do mesmo fan constar o estado do vehículo accidentado e que a focha onde o vehículo accidentouse é unha canaleta para a recollida de augas pluviais, que se atopa a carón da beirarrúa.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de 29/10/2003, no que manifestan que o tubo que produciu o reventón da roda se atopa a carón da beirarrúa e que non se atopa en zona de rodadura de vehículos, mais representa perigo por estar en zona de estacionamento.
- Informe do Parque Móbil, de 09/02/2004, comunicando que os prezos contidos na factura de Mourente Motor S.L. presentado pola reclamante, por un importe de 93,39 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante en 18/06/2004, que non formula alegacións.

#### *Fundamentos de dereito:*

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludible de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade patrimonial). No entanto, aínda que a

proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). No presente caso, os axentes da Policía Local acuden ó lugar dos feitos a instancias do reclamante unha vez que ocorrera o accidente, polo que non son testemuñas presenciais do mesmo e se ben poden constatar a existencia dunha canaleta de desagüe en mal estado a carón da beirarrúa e a existencia de danos no vehículo non puideron verificar que a canaleta fose a causa eficiente do accidente, polo que a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e non pode establecerse relación causal entre os danos e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público deste Concello.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.-Desestimar a reclamación de donaDolores Costas Pérez, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultaren probados nin os feitos nin o nexo causal entre o dano e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(1360).- RECLAMACIÓN DE MAPFRE MUTUALIDAD DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS . EXPTE. 16028/240. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 06.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*MAPFRE MUTUALIDAD, en nome e representación de EUMEGAS, S.L., presenta reclamación de responsabilidade patrimonial mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 9 de abril de 2003, polos danos causados no parabrisas e no capó do vehículo do seu asegurado, matrícula 3392-BBR, ó caerlle enriba unha póla dunha árbore, estando estacionado na avenida de Samil o 26 de decembro de 2002.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de 09/06/2003, que manifesta que “dos danos deberá responder a empresa concesionaria Cespa S.A., de acordo co punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes”.*
- *Parte do servizo da Policía Local, que corrobora o relato dos feitos do reclamante e describe os danos do vehículo*
- *Evacúase trámite de audiencia a Cespa, empresa encargada do servizo de conservación e reposición de zonas verdes en 23 de outubro de 2003, que alega que o mantemento do arbolado en xeral, e en particular na citada zona, faise de forma periódica segundo indicacións do servizo municipal correspondente e que é alleo ó servizo o control de feitos puntuais orixinados pola climatoloxía do momento.*

- *Evacuouse trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en 01/03/2004.*
- *Informe do Parque Móbil, de data 04/10/2005, comunicando que os prezos contidos nas facturas nº 207 de Talleres Campaño e na nº 30 de Comercial Rodríguez de Vigo, por uns importes de 180,90 e 281,40 euros respectivamente, ive incluído, son correctos.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que éste non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun contratista, dado que o dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración asumido por terceiro, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado, xa que a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa contratista.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión de 28 de decembro de 1998, acordou adxudicar a CESP, Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A., o servizo de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo plenario de 3 de agosto de 1998, contrato outorgado por un prazo de 4 anos, contado a partir do 1 de xaneiro de 1999, e posteriormente obxecto de prórrogas sucesivas por un ano, contrato que estaba en vigor na data do accidente.*

*O punto 4.1.1 do Prego de Condicións Técnicas do contrato de conservación e reposición de zonas verdes sinala que o adxudicatario atenderá debidamente en tempo e forma a realización dos labores de tratamento fitosanitario, e segundo a sentenza dictada pola sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso 02/0004044/2000 a labor fitosanitaria engloba dentro das responsabilidades da concesionaria a labor de conservación do arborado en termos xerais e en concreto a súa vixilancia, polo que existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade dos danos que motivan a presente reclamación pode ser imputada a Cespa, na súa calidade de contratista do Concello e encargada da conservación e mantemento das zonas verdes, xa que o accidente debeuse a caída dunha árbore sobre a vía pública.*

*O artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño establece que “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato” e de acordo co punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes “o*

adxudicatario está obrigado a responder dos danos e perdas que se orixinen con motivo da execución do servizo, tanto á Administración municipal coma a terceiras persoas”, obriga que so decaería no suposto de que o dano fose producido por causas imputábeis a Administración , consonte o previsto no artigo 161.c do RD Lexislativo 2/2000.

*Polo exposto, próponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“1º. -Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por MAPFRE MUTUALIDAD, en nome e representación de EUMEGAS, S.L.*

*2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Cespa S.A., empresa concesionaria do servizo de conformidade co establecido no corpo do informe, debendo dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 462, 30 euros, correspondentes o importe aboado polo mesmo para reparar o vehículo”.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(1361).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ESTHER SALGADO GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 204/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 06.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. Esther Salgado González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 01 de xuño de 2004, no que expón que o día 13 de marzo de 2004, mentres camiñaba pola avenida de Galicia, sufriu unha caída á altura do número 9 por mor dos desperfectos existentes na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 06/07/2004, no que manifestan que a zona é visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.*
- Informe da Policía Local, con data 08/09/2004, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.628,21 euros.*
- Informe da Oficina Técnica do Inventario municipal, con data 21/02/2005, no que se manifesta que a avenida de Galicia é de competencia da Administración autonómica (C.O.T.O.P.).*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 01/07/2005, no que manifestan que a avenida de Galicia non está xestionada polo Concello de Vigo.*
- Informe da Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia (061), con data 25/08/2005, que indican que o día do accidente acudiron ó lugar do accidente por unha chamada na que se solicitaba asistencia médica, onde a Sra. Salgado foi recollida e trasladada ó Hospital Xeral de Vigo.*

- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 27/09/2005.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Á vista dos informes da Oficina técnica do Inventario municipal, de data 21/02/2005 e do servizo de Vías e Obras, de data 01/07/2005, esta Administración carece de titularidade pasiva no presente procedemento de responsabilidade patrimonial e, polo tanto, non se lle pode imputar a responsabilidade dos danos ó non ser nin o titular da vía onde ocorreu o sinistro, nin ter asumido título competencial ningún respecto a conservación e mantemento da mesma.*

*Polo exposto, sen entrar a valorar o fondo do asunto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Esther Salgado González, ó non ser o Excmo. Concello de Vigo o titular da vía onde ocorreu o accidente nin ter asumido competencia ningunha respecto a conservación e mantemento da mesma”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(1362).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. DOLORES SILVA SOTO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15369/240. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 10.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### Antecedentes:

*Dona María Dolores Silva Soto e don José Luis Fernández Álvarez presentan reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 3 de setembro de 2002, polos danos persoais sufridos polo Sr. Fernández por mor dun accidente de circulación o día 21 de febreiro do mesmo*

ano, cando circulaba co vehículo propiedade da Sra. Silva matrícula PO-3289-BF polo túnel da Praza de España, ó impactar contra a tapa dun sumidoiro que estaba en posición vertical sobre a boca do mesmo, así como polos danos materiais do mencionado vehículo.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 21/02/2002, no que os axentes actuantes manifestan que o accidente produciuse ó saltar un tramo da reixa de recollida de augas situada no centro da calzada, no interior do túnel da Praza de España, e fan unha relación dos danos que presenta o vehículo.
- Evacúase trámite de audiencia a Aqualia, empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga do Concello de Vigo, que formula alegacións en 27/06/2003, solicitando achega de documentación por parte dos reclamantes.
- Os reclamantes aportan a documentación requirida a instancias de Aqualia, en data 13/08/2003, e cuantifican a súa reclamación en 707,92 euros polos danos materiais do vehículo da Sra. Silva e 3.219,75 euros polos danos persoais do Sr. Fernández.
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 15/09/2005, que cuantifica os mesmos en 2.384,26 euros.
- Informe do Parque Móbil, de data 16/09/2005, comunicando que os prezos contidos na valoración achegada pola reclamante resulta razoábel en relación coas tarifas actuais.
- Evacúase trámite de audiencia a Aqualia, en data 20/09/2005, que non formula alegacións.
- Evacúase trámite de audiencia ós reclamantes, en data 26/09/2005, e non formulan alegacións.

*Fundamentos de dereito:*

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán derecho a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión celebrada o día 5 de xullo de 1990, outorgou concesión administrativa deste servizo público á Unión Temporal de Empresas Seragua -FCC, S.A.(agora Aqualia-FCC, S.A).

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente produciuse ó saltar un tramo da reixa de recollida de augas situada no centro da calzada no túnel da praza de España., tal e como se establece no Parte do servizo da Policía Local.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que otorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona María Dolores Silva Soto e don José Luis Fernández Álvarez, polos danos persoais sufridos polo Sr. Fernández con ocasión dun accidente de circulación co vehículo da Sra. Silva e os materiais sufridos no vehículo desta, matrícula PO-3289-BF.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar ós reclamante nas seguintes contías: 2.384,26 euros a D. José Luís Fernández Álvarez e 707,92 euros a Dna. María Dolores Silva Soto.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(1363).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> CARMEN ALVAREZ SALGADO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16454/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 10.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Álvarez Salgado presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 05 de agosto de 2003, no que expón que o día 03 de agosto de 2003, mentres camiñaba pola rúa San Francisco diante do nº 45, caeu dentro dun sumidoiro cuberto por unha madeira en mal estado, producíndose danos.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, con data 03/08/2003, no que os axentes actuantes declaran que acoden ó lugar dos feitos a instancias da reclamante, que lles manifesta ter caído por mor dunha madeira que cubría un sumidoiro e que se levantou ó ser pisada por outra persoa. Así mesmo, fan constar que comprobada a anomalía, procederon a colocar pedras debaixo da madeira para que esta non volvese a levantarse ó ser pisada.*
- Informe de Aqualia, empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, con data 25/03/2004, na que se limitan a solicitar documentación para poder tramitar o expediente.*
- Proba testifical á testemuña proposta pola reclamante, con data 28/10/2004, que manifesta que a madeira na que tropezou a Sra. Álvarez era visíbel pero non semellaba moverse antes de que a pisasen.*
- Informe do servizo de Mobilidade e Seguridade, con data 01/12/2004, manifestando que este tramo da rúa San Francisco quedou pechado ó tráfico a partir das 16:00 horas do domingo 3 de agosto de 2003.*
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.185,05 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Aqualia, con data 12/08/2005, que non formula alegacións.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 03/10/2005.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*



*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir. Neste caso, o accidente debeuse non ó defectuoso mantemento das vías públicas senón, a existencia na calzada dun sumidoiro tapado cunha taboa, a cal se levantaba ó pisar enriba dela. A xestión do servizo público de subministración de auga e rede de sumidoiros correspónlle á empresa Aqualia, en virtude de acordo plenario de 5 de xullo de 1990.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público. Máis no presente caso, aínda que trátase dun defecto oculto, o mesmo está situado na calzada, zona non apta para a circulación peonil. Consonte o disposto polo artigo 121 do Real Decreto 1428/2003 que aproba o Regulamento Xeral de Circulación “os peóns están obrigados a transitar pola zona peonil, salvo cando esta non exista ou non sexa practicábel”. O día do accidente celebrábase na cidade de Vigo a procesión do Cristo, e procederá a cerrar ó tráfico determinadas rúas, para habilita-lo paso de peóns polas mesmas, entre elas, a rúa San Francisco, lugar onde aconteceu o accidente, no entanto, segundo o informe do servizo de Mobilidade e Seguridade, de data 01/12/2004, ese tramo da rúa San Francisco quedou pechado ó tráfico a partir das 16:00 horas do domingo 3 de agosto de 2003, mentres que o accidente acaeceu as 10:00 horas, hora en que non estaba permitida a circulación peonil pola calzada. A vista destes datos, a informante conclúe que a negligencia da vítima interfiriu no nexo causal, impedindo vincular os danos ó funcionamento de ningún servizo público deste Concello.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*1º.-Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Mª del Carmen Álvarez Salgado, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a existencia de relación de causalidade entre os danos e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25(1364).- RECLAMACIÓN DE Dª. LILIANA PRIETO CASAL DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 377/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 07.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dona Liliana Prieto Casal presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de outubro de 2004, polos danos sufridos no vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-0650-BN, o día 16 de outubro de 2004 cando circulaba pola rúa Escultor Gregorio Espino, á altura do número 52, ó incrustar a súa porta contra o saliente da base dun piar existente na calzada, que non se atopaba debidamente sinalizado ou protexido.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, de novembro de 2004, no que manifestan que os ferros foron retirados por orde do Concello e que se atopaban provisionalmente na vía pública debidamente sinalizados, como se aprecia tanto nas fotografías aportadas pola reclamante como nas achegadas co presente informe, non se tendo producido o accidente de gardar a distancia debida en condución dilixente.*
- Informe da Policía Local, con data 07/12/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do Parque Móbil, de 21/12/2004, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Sesnova S.L., presentado pola reclamante, por un importe de 780,11 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 21/01/2005.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán derecho a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludibel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó*

seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instructor dirixiuse á Policía Local, por si puidese ter constancia dos feitos, xa que a reclamante non aporta ningunha testemuña presencial dos feitos.

Sobre esta base, e á vista do expediente, pode constatarase que da presentación da factura de reparación do seu vehículo dedúcese que o mesmo sufriu determinados danos, pero non demostran en modo ningún nin a causa dos mesmos nin o lugar onde aconteceron, e polo tanto non se pode establecer a súa vinculación co funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público deste Concello. Dado que a Policía Local non ten constancia do accidente, nin existen testemuñas presenciais do mesmo, a informante estima que a Sra. Prieto non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de dona Liliana Prieto Casal por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, por non resultaren convenientemente probados nin os feitos nin o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **26(1365).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MARÍA MILAGROS GÓMEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16442/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 06.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

Movex Vial, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de maio de 2005, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 13 de abril de 2005, na que se estima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona M<sup>a</sup> Milagros Gómez Gil, en data 29 de xullo de 2003, con motivo dunha caída na rúa Urzáiz, e declárase que a responsabilidade dos danos corresponde a Movex Vial, S.L., empresa contratista do Excmo. Concello de Vigo que na data do accidente estaba a realizar as obras da 3<sup>a</sup> fase de humanización da rúa Urzáiz, en cuxo entorno ocorreu o accidente.

O recorrente, no seu escrito de recurso, alega que:

- Os traballos de canalización se realizaron polo centro da calzada e non da beirarrúa.

- Que as obras estiveron, en todo momento, perfectamente valadas e sinalizadas, habilitando un paso de peóns que permitía a libre circulación dos mesmos, como se pode apreciar nas fotografías achegadas ó escrito.
- Que no lugar e na data na que se produciu o accidente, realizáronse canalizacións por outra empresa para a rede telefónica, nas cales Movex Vial, S.L. non interveu.

No entanto, no expediente consta un informe do servizo de Vías e Obras, de data 05/11/03, no que o inspector asinante manifesta que en varias ocasión avisóuselle de que a obra estaba mal valada e carecía de pasos habilitados para os peóns, e noutro informe de 16/12/04 indica que a licenza de canalización concedida a Telefónica é de data posterior a do accidente.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición interposto por Movex Vial, S.L.mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **27(1366).- SOLICITUDE DE PERMISO NON RETRIBUÍDO DE D. JOSÉ MANUEL DÍAZ IGLESIAS DURANTE O MES DE NOVIEMBRE DE 2005. EXPTE. 16037/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude de D. José Díaz Iglesias e de acordo co informe proposta do técnico de organización de Persoal do 11.10.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a D. José Manuel Díaz Iglesias (núm. persoal 14143), auxiliar de administración xeral, un permiso sen soldo por asuntos personais durante o vindeiro mes de novembro, de conformidade co previsto no art. 17 a) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos personais e pagas extraordinarias.

#### **28(1367).- CONTRATACIÓN DUNHA DIPLOMADA EN TRABALLO SOCIAL, PARA A OFICINA DE ATENCIÓN A INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADOS. EXPTE. 16039/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de organización da Unidade de Persoal do 11.10.05, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de 12 de setembro ppdo., acordou a contratación, por obra ou servizo determinado, como Diplomada en Traballo Social de D<sup>a</sup> Silvia Rodríguez Fontán, polo período comprendido entre o 13 de setembro e o 31 de decembro de 2005 –data ésta última de remate do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Emigración e o Concello de Vigo-, para a oficina de atención a inmigrantes e emigrantes retornados, dependente do servizo de Benestar Social.*

*Con data 4 de outubro de 2005, o Xefe de Sección de Planificación de Servizos Sociais, coa conformidade da concelleira delegada da área de Participación Cidadá, solicita novamente a substitución da Traballadora Social ó renunciar expresamente ó contrato suscrito con este concello, por mellora laboral, D<sup>a</sup> Silvia Rodríguez Fontán.*

*Requerido informe da unidade de Persoal e vista a instrucción de servizo da Sra. Alcaldesa-Presidenta da data de hoxe, 11 de outubro, o técnico que suscribe informa o seguinte:*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2004 –que se achega ó expediente-, acordou a contratación, entre outros, de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Vilaboa como Diplomada en Traballo Social, dende o 10 de xaneiro ó 31 de decembro de 2005, período de vixencia do convenio de colaboración entre a Consellería de Emigración e o concello de Vigo, para a oficina de información ós inmigrantes e emigrantes retornados, mediante un contrato de obra ou servizo determinado.*

*Dito expediente foi tramitado pola oficina de Benestar Social, a proposta dos seus técnicos, intervindo únicamente esta Unidade de Persoal na formalización dos contratos, alta na seguridade social e demais trámites necesarios para facer efectivo o mencionado acordo, no que figura unha lista de substitucións xenerada no propio proceso de selección, para cubrir as posibles baixas ou a necesidade de incremento de persoal durante a vixencia deste acordo, figurando como segunda suplente, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Romero Baamonte que, unha vez requerida polo departamento de Benestar Social, aceptou a posible contratación ata o 31 de decembro de 2005.*

*Faise constar que no expediente figura a existencia de consignación orzamentaria por parte da Intervención Xeral, segundo documento de modificación de crédito 3/05, de data 12 de xaneiro de 2005.*

*En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Contratar, por obra ou servizo determinado, como Diplomada en Traballo Social, a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Romero Baamonte, NIF 36.090.147-L, polo período comprendido entre o 18 de outubro e o 31 de decembro de 2005 –data ésta última de remate do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Emigración e o Concello de Vigo-, para a oficina de atención a inmigrantes e emigrantes retornados, dependente do servizo de Benestar Social, código 301, toda vez que a titular do posto, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Vilaboa, foi nomeada por decreto 360/2005, da Xunta de Galicia, de 18 de agosto do ano que andamos, Secretaria Xeral do Benestar Social e a primeira suplente, D<sup>a</sup> Silvia Rodríguez Fontán, que foi nomeada no seu lugar, renunciou por mellora laboral.*

*Segundo.- Percibirá como retribucións as establecidas para a súa categoría profesional como técnicos xestores, de conformidade co establecido no “Acordo marco de regulación das condicións socio-laborais das contratacións realizadas no plan municipal de emprego 2004-2005 (BOP de 9 de abril de 2004).”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**29(1368).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL, POR PERÍODO DE TRES MESES, DE DOUS OPERARIOS PEÓNS E CATRO OFICIAIS PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 16026/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 13.10.05, dáse conta do informe proposta do técnico de organización da Unidade de Persoal do 11.10.05, que di o seguinte:

*Con data 20 de maio de 2004 asinouse un convenio de colaboración entre a Excm. Diputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, sobre cooperación económica, para o financiamento de diversas obras de pavimentado en rúas e camiños da cidade.*

*En consecuencia, a Xunta de Goberno Local, na súas sesións de 18 de outubro de 2004, 14 de febreiro e 30 de maio de 2005, autorizou a contratación de 16 operarios peóns e dous oficiais pavimentadores, distribuídos en tres quendas de 6 traballadores, estando previsto o remate da última delas o vindeiro mes de decembro.*

*Con data 26 de setembro de 2005, o coordinador dos servizos xerais deste Concello, en base o referido Convenio, o co obxecto de seguir dando apoio á nova maquinaria aportada pola Deputación Provincial, reducir o prazo de execución das obras xa en marcha e, por motivo da ampliación de actuacións nas distintas parroquias deste Concello, solicita a contratatación de dous novos operarios e catro oficiais pavimentadores, por un periodo máximo de seis meses.*

*Na acta de data 14 de xuño de 2005, da Comisión de Valoración encargada da selección de oficiais pavimentadores, figuraban D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Remedios Soengas Cobas, NIF 33.826.531-V, D. José Alonso Fernández, NIF 36.120.101-G, D. Constantino Otero Lago, NIF 36.029.521-K e, D. José Berges Rodríguez, NIF 36.005.187-K. aspirantes que superaron a proba de que constou a oposición e que obtiveron os postos nºs 3º,4º,5º e 6º respectivamente, aspirantes que pasaron a formar parte dunha lista de substitucións prevista nas Bases da convocatoria.*

*Así mesmo tamén tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo dunha praza de operario-peón, incluída na Oferta de Emprego público correspondente o ano 2002, figurando na acta do tribunal de data 15 de decembro como segundo, terceiro e quinto aspirantes que superaron todos en cada un dos exercicios da referida oposición, obtendo as puntuacións mais altas,despois dos que xa foron nomeados interinamente por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de setembro pasado, D. Jesús Veloso Costas, NIF 36.099.100-W e, D. Jesús Díez Lora, NIF 12.700.279-R, respectivamente, pasando a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral, segundo o disposto na disposición transitoria do decreto 116/93, do 3 de xuño, da Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, en concordancia coa Disposición Adicional primeira do RD 896/91, de 7 de xuño. a cal terá validez ata a resolución da próxima oferta de emprego público.*

*Requeridos os referidos aspirantes da lista de substitucións ó que se refire o anterior parágrafo, estes rexeitaron telefónicamente en varias ocasións, optar á varias contratacións, exceptuando o aspirante nº4 da relación que rexeita o nomeamento ó estar xa contratado interinamente na actualidade como axudante de oficios, polo que neste intre non existe ningunha lista de aspirantes que poida ser utilizada para cubrir este tipo de contratacións temporais., polo que resulta preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización das contratacións laborais propostas.*

*Fundamentos legais.*

*De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.*

*Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.*

*Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.*

*O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto é, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.*

*Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .*

*Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.*

*Así mesmo, lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servizos autonómicos de emprego, como un servizo público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.*

*A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.*

*Entendese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da lei 2/2004, de presupostos xerais do Estado para o ano 2005, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servizo de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.*

*Con data 3 de outubro ppdo, a Intervención Xeral informa que existe crédito presupostario con cargo a bolsa de vinculación, para acomete-lo gasto proposto con cargo a partida 121.0.1400000 “outras modalidades de contratación”.*

*Por todo elo, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:*

*Primeiro.- Contratar como oficiais pavimentadores por un período de tres meses, a Dª. Mª. Remedios Soengas Cobas, NIF 33.826.531-V, D. José Alonso Fernández, NIF 36.120.101-G, D. Constantino Otero Lago, NIF*

36.029.521-K e, D. José Berges Rodríguez, NIF 36.005.187-K., aspirantes que superaron a proba de que constou a oposición e que obtiveron os postos nºs 3º, 4º, 5º, e 7º respectivamente, baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender ditas esixencias circunstanciais, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Segundo.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación unha oferta xenérica para que sexan remitidos doce candidatos/as que respónden ás seguintes características:

Titulación esixida: Certificado de Escolaridade ou equivalente, e contar con experiencia acreditada en pavimentación de viais.

Terceiro.- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, o xefe do servizo de Vías e Obras, un/unha representante designado polo Comité de Persoal e o Xefe da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como secretario-, propoña dous candidatos/as co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará dunha proba práctica sobre coñecementos das tarefas propias do posto de traballo, que se avaliará de cero a dez puntos, tendo esta proba carácter excluínte se o/a candidato/a non obtén un mínimo de cinco puntos.

A comisión propoñerá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados por orde de puntuación.

Cuarto.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos ós candidatos/as propostos pola citada Comisión, sendo éstos/as contratados/as baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Quinto.- O presenta acordo queda condicionado ao cumprimento do informado pola Intervención Xeral en relación co expediente de modificación de crédito necesaria.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **30(1369).- APROBACIÓN PROFESORADO E CURSOS PENDENTES DO CONVENIO ENTRE EGAP E CONCELLO. EXPTE. 16030/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe propoñida da técnica de recursos humanos do 04.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e Facenda, que di o seguinte:

Na sesión da Xunta de Goberno Local de data 25 de abril de 2005, aprobouse o proxecto de convenio entre a EGAP e o Concello de Vigo para a realización de accións formativas para o persoal municipal, correspondente o ano 2005, asinado con data 2 de maio de 2005, instrumentándose a conseguinte modificación de orzamentos, (xeneración de crédito) polo importe de 6.000.00 €.



Na reunión mantida cos representantes sindicais integrantes da COPFE o día 13 de setembro de 2005, aprobaronse os programas e profesorado para a impartición dos cursos pendentes incluídos dentro do convenio entre a Egap e este concello, que se relacionan de seguido:

- ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN NA ADMINISTRACIÓN LOCAL. XESTION DE UNIDADES ADMINISTRATIVAS

Formador: Gabinete de servicios para la calidad ( Green Point)

N de horas: 20

Importe Maximo: 2700€

- TRABALLO EN EQUIPO (1): HABILIDADES DE MANDO:

Formadores: : Lois Cea Nogueira, funcionario do Concello de Vigo e D Juan Jose Lopez Peña, Licenciado en Pedagogía e Consultor de RRHH (GPP Training Pontevedra)

N de horas: 20

Importe máximo: 1600 €. Cada un deles impartirá 10 horas de dita acción formativa correspondéndolle a cada un 800 €

- TRABALLO EN EQUIPO (2): COMO CONSEGUIR RESULTADOS. TÉCNICAS DE MANDO

Formadores: : Lois Cea Nogueira, funcionario do Concello de Vigo e D Juan Jose Lopez Peña, Licenciado en Pedagogía e Consultor de RRHH (GPP Training Pontevedra)

N de horas: 20

Importe máximo: 1600 €. Cada un deles impartirá 10 horas de dita acción formativa correspondéndolle a cada un 800 €

- PERFECCIONAMENTO ADTVO

Formador: CENTRO DE ESTUDIOS MEGA

N de horas: 50

Importe máximo: 3500 €

Así mesmo, na Xunta de Goberno en reunión de data 23 de maio de 2005, acordou a impartición do curso de “Taller de elaboración de documentos administrativos. Comunicacions oral e escrita” pola empresa Tagem Ata. Debido ao contido do mesmo considerase mais axeitado que dita acción formativa sexa desenvolvida conxuntamente coa empresa Reverso Servicios Lingüísticos, segundo a seguinte distribución:

MODULO	HORAS	FORMADOR
1. Lexislacion Lingüística. Plan de Normalizacion. O contexto sociocultural	3.5	Tagem Ata
2. A ortografía galega e a adaptacion normativa (I)	3.5	Reverso
3. A ortografía galega e a adaptacion normativa (II)	3.5	Reverso
4. Ferramentas informaticas para a optimizacion da redaccion (I)	3.15	Reverso
5. Ferramentas informaticas para a optimizacion da redaccion (II)	3.15	Reverso
6. A comunicación en galego	3	Tagem ata

Polo que os importes máximos a percibir pola impartición dos módulos para cada unha das empresas é:

Tagem Ata: 293.56 €

Reverso Servicios Linguisticos: 1003.20

Por todo o anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local:

1. Autorizar a tramitación do expediente con suxeción o rexime excepcional de contrato menor por razón de contía (de conformidade no previsto nos artigos 56 en relación co 200 e 201 do Real Decreto Legislativo 2/2000 de 16 de xuño, así como o art 245 do Decreto 3410/1995)
2. Comprometer o gasto correspondente a honorarios dos profesores e monitores, de acordo coa distribución que se indica.

### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

### **31(1370).- TOMA DE COÑECEMENTO DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO DO ACORDO DO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO 19.12.97, REMISIÓN AO CONSELLO CONSULTIVO DA XUNTA DE GALICIA PARA O SEU DICTAME. EXPTE. 4584/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 07.10.05, que di o seguinte:

#### *ANTECEDENTES*

*O Pleno da Corporación, na súa sesión de 15 de outubro de 1991, deu aprobación ó proxecto de urbanización da Rúa Gándara, indicando que os promotores solicitantes deberían prestar garantía do exacto cumprimento dos compromisos adquiridos, por importe de 11.565.250 pts e que coa primeira das licenzas de edificación que se conceda, con fronte ó vial en proxecto, deberán executarse a totalidade das obras de urbanización no prazo fixado.*

*Na sesión da Comisión de Goberno de 31 de outubro de 1991 (rectificado por outro de 30 de abril do ano 1992), acordouse a concesión de licenza (6491/421) a don Jose Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz para a construción dun edificio na rúa Gándara.*

*O 29 de abril de 1996 a Comisión de Goberno aprobou a recepción das obras de apertura e urbanización da rúa Doctor José Mato (antes Gándara), sector da Florida, tramo entre Florida e Fragoso (expte. 20138/250).*

*O 29 de abril de 1997 don José Piñeiro Orosa actuando en nome propio e en representación de don Máximo González Paz presenta escrito no Rexistro da Xerencia interesando que se lle abone ou repercuta ós propietarios das fincas conlindantes coa rúa Gándara (hoxe "Rúa José Mato"), as cantidades satisfeitas (20.219.950 ptas) para a execución do proxecto de apertura e urbanización da mencionada rúa.*

*O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de 19 de decembro de 1997 acordou o seguinte: "Primeiro.- Recoñecer a D. José Piñeiro Orosa e D. Máximo González Paz o dereito á equidistribución de cargas*

*pola execución ás súas soas expensas, da urbanización da rúa Gándara -hoxe Doctor José Mato- o que o seu custe total ascendeu á suma de 20.219.950 pts. Segundo.- Que polos servicios técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo se proceda, cos documentos aportados por D. José Piñeiro Orosa e D. Máximo González Paz, a redactalo correspondente expediente de reparcelación económica e normalización de fincas, para distribuí-la suma de 20.219.950 pts. entre os propietarios de terreos ós que a obra de urbanización outorgou a condición xurídica de <terreo edificable>, coa observación de que dita suma correrá unicamente de conta dos devanditos propietarios, o Concello non participará en ningún caso."*

*O 25 de novembro de 1998, don José Piñeiro Orosa (no seu nome e en representación don Máximo González Paz), solicita a urxente execución do acordo adoptado pola XMU o 19 de decembro de 1997.*

*O mesmo órgano Colexiado, o 30 de abril do 99, adoptou o seguinte acordo: "Primeiro.-Desestima-la solicitude presentada coa data 29 de abril de 1997 por don José Piñeiro Orosa actuando en nome propio e ademais en representación de don Máximo González Paz, no Rexistro da Xerencia interesando que se lle aboe ou se repercuta ós propietarios dos predios colindantes coa rúa Gándara, hoxe Rúa Doctor José Mato, proporcionalmente ó seu respectivo fronte a ese vial, as cantidades satisfeitas polo proxecto de execución do proxecto de apertura e urbanización da rúa Gándara no que os gastos ascenderon, ive incluído, á cantidade de 20.219.950 pts, polos motivos establecidos na parte expositiva do presente acordo. Segundo.- Satisfacer a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz, en concepto de participación nas cargas de urbanización do vial, e con cargo á Xerencia de Urbanismo o importe de 1.907.844 pesetas correspondentes ó prezo xusto fixado polo Xurado Provincial de Expropiacións dos predios 4 e 6 do plano parcelariado proxecto de urbanización da rúa Gándara, hoxe rúa José Mato."*

*O anterior acordo foi recurrido por don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (proceso contencioso administrativo nº 02/0004455/1999). O 13 de novembro de 2003, a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dictou sentenza pola que se estima parcialmente o recurso interposto, en concreto, nos seus fundamentos dispónse o seguinte: "...no hay más remedio que reconocer que el mismo viene a dejar sin efecto al primer acuerdo sin haberlo sometido a revisión con arreglo al procedimiento legalmente previsto en el artículo 102 de la Ley 30/92 sin haberlo declarado lesivo conforme el artículo 103 (...) se ha de estimar el recurso, pero solo en parte y por la razón formal dicha de no haber respetado el procedimiento legalmente establecido para dejar sin efecto un acto firme anterior no desfavorable ni de gravamen sin que proceda entrar en el fondo..."*

*O 21 de xuño de 2004, don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz, presentan novo escrito no que en síntese solicitan a execución do acordo de 19 de decembro de 1997.*

*O 29 de marzo de 2005, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo: "(...) REVISIÓN DE OFICIO DE ACORDO DO CONSELLO DA XMU DE 19.12.97 SOBRE OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA GÁNDARA.EXPTE. 4584/401 (...) 1. O inicio do procedemento de revisión de oficio do acto dictado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19 de decembro de 1997, previsto no artigo 102 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, por entender que concurren varios dos supostos previstos no artigo 62 do mesmo texto legal. 2. De acordo co previsto no artigo 84 da Lei 30/92, outorgar a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz un prazo de audiencia de 15 días, durante o cal poderán alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen pertinentes. 3. Unha vez completado o anterior trámite, deberase remitir expediente ó Consello Consultivo de Galicia, de acordo co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/92 e a Lei 9/95 do Parlamento de Galicia. 4. Requerir a don José Piñeiro Orosa e don*

*Máximo González Paz a execución da resolución da Sentencia do TSXG de 13 de novembro de 2003, e consecuentemente, ó reintegro da cantidade de 11.466,37 € aboados en virtude do acordo do Consello da XMU de 30 de abril de 1999, anulado pola devandita resolución xudicial (...)"*.

*Logo da apertura do trámite de audiencia, o 19.05.05 don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz presentan escrito de alegacións.*

*O 27 de maio de 2005, o técnico en admón. xeral emite o seguinte informe-proposta de resolución: "(...) 1. Acordar a revisión de oficio do acto dictado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19 de decembro de 1997 e polo tanto declarar a súa nulidade, conforme o previsto no artigo 102 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, por entender que concurren varios supostos dos previstos no artigo 62 do mesmo texto legal. 2. Remitir previamente expediente ó Consello Consultivo de Galicia, de acordo co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/92 e a Lei 9/95 do Parlamento de Galicia. 3. Requerir a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz a execución da resolución da Sentencia do TSXG de 13 de novembro de 2003, e consecuentemente, ó reintegro da cantidade de 11.466,37 € aboados en virtude do acordo do Consello da XMU de 30 de abril de 1999, anulado pola devandita resolución xudicial (...)"*.

*O mesmo día remítese expediente ó Consello Consultivo para o seu dictame.*

*O 1 de xuño do presente ano, de acordo co establecido no artigo 42.5 da Lei 30/92, se comunica a don Máximo González Paz e don José Piñeiro Orosa, a remisión do expediente e a consecuente suspensión do prazo legal para a resolución.*

*O 21 de xullo de 2005, recíbese certificado do acordo do Consello Consultivo de Galicia no que se devolve o expediente o entender que carece da preceptiva proposta de resolución e de documentación que debía constar no expediente.*

*O 8.09.05 notifícase auto no trámite de execución de sentenza co seguinte acordo: "(...) Desestimar la petición de declaración de nulidad del acuerdo de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Vigo de 29 de marzo de 1997, formulada por la procuradora Doña María Ángeles Fernández Rodríguez (...)"*.

*O 12.09.05 a Xunta de Goberno local acorda o seguinte: "(...) 1.- Declarar a caducidade do expediente de revisión de oficio incoado por acordo da Xunta de Goberno Local de 29.03.05, por transcorrer o prazo legalmente establecido para a resolución do expediente, entendendo por presentadas as alegacións formuladas polos interesados o 19.05.05. 2.-O inicio de novo procedemento de revisión de oficio do acto dictado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19 de decembro de 1997, previsto no artigo 102 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, por entender que concurren varios supostos dos previstos no artigo 62 do mesmo texto legal. 3.- De acordo co previsto no artigo 84 da Lei 30/92, outorgar a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz un prazo de audiencia de 15 días, durante o cal poderán alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen pertinentes. 4.- Unha vez completado o anterior trámite, deberase remitir expediente ó Consello Consultivo de Galicia, de acordo co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/92 e a Lei 9/95 do Parlamento de Galicia. 5.- Requerir a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz a execución da resolución da Sentencia do TSXG de 13 de novembro de 2003, e consecuentemente, ó reintegro da cantidade de 11.466,37 € aboados en virtude do acordo do Consello da XMU de 30 de abril de 1999, anulado pola devandita resolución xudicial. 6.- Comunicar que de acordo co previsto no 107 da Lei 30/92, contra o presente acordo non cabe recurso ó tratarse dun acto de mero trámite. Así mesmo, en*

*cumprimento do disposto no artigo 42.4 da Lei 30/92, se lle informa ós interesados que o prazo máximo de resolución do presente expediente é de 3 meses (102 Lei 30/92). Transcurrido o prazo para resolver, producirase a caducidade do mesmo (...)"*.

*Acto seguido foi notificado de novo o acordo a don Maximo González Paz (20.09.05) e don José Piñeiro Orosa (23.09.05), outorgándolles o preceptivo trámite de audiencia.*

*O 5.10.05 don José Piñeiro Orosa, no seu nome e en representación don Máximo González Paz, presentan novo escrito de alegacións.*

#### *DISPOSICIÓN LEGAIS APLICABLES*

- 1. Constitución española (artigo 33, 149.1.18...).*
- 2. Lei 7/85 (modificada pola Lei 57/03), de 2 de abril, de bases de réxime local e Real decreto legislativo 781/86, pola que se aproban as disposición vixentes en materia de réxime local.*
- 3. Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións.*
- 4. Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/04.*
- 5. Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.*

#### *CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS*

- 1. Natureza e contido do acto de recoñecemento do dereito á equidistribución das cargas derivadas da execución de obras de urbanización da "rúa Gándara" (hoxe, rúa "Médico José Mato").- A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso 02/0004455/1999, concluiu que se trataba dun acto declarativo de dereitos e polo tanto toda revisión do mesmo debe acomodarse ó disposto nos artigos 102 e 103 da Lei 30/92. A defensa do Concello no aludido proceso xudicial, baseábase en que se trataba dun acto de inicio de expediente, polo tanto de mero trámite. O argumento foi rexeitado polo TSXG, non obstante, na opinión do informante, é necesario engadir que no caso de ser declarativo de dereitos, o sería a propia Lei e o planeamento urbanístico, pero non o acto administrativo que debe ser unha aplicación da antedita normativa urbanística. A procedencia da realización de operacións de distribución de cargas (e beneficios) de urbanización, derívase da cualificación do solo urbano como non consolidado (en terminoloxía do Texto Refundido da Lei do solo de 1992, solo que precisa a incorporación ó proceso urbanizador e edificatorio, por medio da aprobación do planeamento máis preciso e a súa execución tanto xurídica como económica -artigos 19 e seguintes). A distribución de cargas debe poñerse en todo caso en comparanza cos beneficios obtidos pola execución do planeamento. Polo motivo que sexa, no seu momento se considerou que a parcela tivo a condición de solo urbano consolidado e que únicamente debería de proceder á urbanización para a materialización do aproveitamento correspondente á parcela. Os promotores solicitaron licenza urbanística e a mesma foi outorgada o 31 de outubro de 1991, coñecendo que para a obtención da mesma se deberían realizar certas obras de urbanización. Destaca especialmente que os promotores se benefician da consideración ampla de solo urbano consolidado, circunstancia que lle permitiu a construción da edificación, pero en ningún momento se menciona a necesidade de que o resto dos propietarios e a comunidade participen nos beneficios da actuación, tal e como se proclama no artigo 47 da Constitución Española. Este argumento é rexeitado polo escrito de alegacións presentado o 5.10.05, por canto se considera que a licenza non estaba condicionada á realización de obras que excederan das de urbanización. Sen prexuízo de que non se comprende totalmente o argumento dos alegantes, é*

de salientar que a licenza outorgada o 31.10.91 contiña a seguinte condición: "(...) ejecución simultanea de las obras de urbanización contenidas en el proyecto aprobado <proyecto de urbanización aprobado o 31.10.91>, antes referido, con la construcción autorizada y a estar rematadas y recibidas por el Ayuntamiento antes de la concesión de la licencia de primera ocupación (...)". O solicitante da licenza executou as obras de urbanización simultaneamente coa edificación e obtivo licenza de primeira ocupación o 3 de maio de 1996. Unha vez cumprida a condición da licenza e obtida a primeira ocupación, don Jose Piñeiro e don Máximo González reclaman unha compensación económica por asumir os costes derivados das obras de urbanización. Non consta que existira reclamación ou recurso contra a licenza outorgada o 5.10.05 e que condicionaba á execución simultánea de obras de urbanización coa edificación. Os reclamantes, adquiren o dereito a edificar tra-la execución das obras de urbanización (ou por medio da súa garantía ex 40 do rd 3.288/78). A reclamación plantexada nun primeiro momento en abril de 1997, poidera ser considerada como un recurso á propia licenza, en concreto, a condición contida nela. Non semella razoable considerar que os solicitantes non coñecían a entidade das obras de urbanización que deberían acometer para obter a licenza de obra, dado que o proxecto de urbanización obtivera aprobación con anterioridade á licenza de obra. Incluso o proxecto é presentado polos propios solicitantes de licenza.

2. Acto que se propoñe a revisión.- De conformidade co disposto no acordo de incoación e na propia Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 13.11.03, o acordo que se somete a revisión é o dictado polo Consello da XMU de 19 de decembro de 1997 polo que se recoñecía a don Jose Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz o dereito á equidistribución de cargas pola execución das obras de urbanización da rúa Gándara. Polo tanto non se comparte a alegación número segunda do escrito presentado o 19 de maio de 2005 e primeira do escrito de 5 de outubro de 2005, dada a evidencia de que a sentenza do TSXG anula o acordo de 30 de abril de 1999. A resolución xudicial estima que o acto de decembro de 1997 é declarativo de dereitos, polo tanto, precisa para a súa revisión a tramitación do procedemento legalmente establecido para o efecto na Lei 30/92 (artigos 102 e seguintes). En ningún caso a incoación de expediente de revisión do acordo de decembro de 1997, pretende o incumprimento da aludida sentenza, senon pretende acomodar a actuación municipal o contido do fallo nos seus propios termos. Non se comparte a alegación presentada, pola que se conclúe que o acordo de incoación ten o mesmo obxecto que o dictado o 30 de abril de 1999. Este último revocou o dereito á equidistribución recoñecido en 1997, e pola natureza do acto, a Sentenza dictada no recurso contencioso-administrativo nº 02/0004455/1999, anulou o mesmo por entender que debería ser obxecto dun procedemento de revisión de oficio. O contido do fallo estase a dar cumprimento coa tramitación do presente expediente de revisión de oficio. En ningún caso se está a eludir o cumprimento da Sentenza do TSX, senón dar cumprimento exacto o contido do mesmo. O presente expediente se incoa de novo tra-la devolución do mesmo polo Consello Consultivo de Galicia o día 21 de xullo de 2005. En ningún caso, é unha reacción do Concello ó Auto do TSX de Galicia de data 1.09.05 polo que se insta á execución da Sentenza aludida e paralelamente se desestima a pretensión dos actores de declarar nulo o acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de marzo de 2005 polo que se incoaba o expediente de revisión de oficio. A Sentenza dictada no recurso número 0200044551999 anulaba o acordo de 30 de abril de 1999 sen entrar na natureza e viabilidade xurídica do acordo de 1997. Unha vez comprobado que no acordo de 19 de decembro de 1997, concorren varios supostos de nulidade, incoase o expediente de revisión de oficio de acordo co previsto no artigo 102 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común. A concurrencia de tales supostos, impiden o exercizo normal da potestade de execución dos actos administrativos dado o seu alonxamento do ordenamento xurídico urbanístico.
3. Concurrencia de supostos previstos no artigo 62.1 da Lei 30/92 no acordo de 19 de decembro de 1997 do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e argumentos utilizados polos interesados no seu escrito de

alegacións de 19 de maio de 2005.- Enténdese que concorren varios supostos dos contemplados no artigo 62.1 da Lei 30/92. Cada un dos supostos son postos en entredito polas alegacións presentadas o 19 de maio de 2005 e 5.10.05.

- *Acto dictado prescindindo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido (artículo 62.1.e da Lei 30/92).- Da consulta dos documentos incorporados ó expediente, se deduce que foi dictado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido. O procedemento que derivou no acordo de 19 de decembro de 1997, que se trataba supostamente dun acto declarativo de dereitos pero por el contrario limitativo dos dereitos do resto dos propietarios de terreos, prescindiu de calquer tipo de participación dos mesmos no procedemento. En efecto, o acordo mencionado, supoñe o inicio dun expediente de distribución de cargas da urbanización a iniciativa particular que afecta a varios propietarios de terreos e á vez menoscaba o dereito de defensa dos propietarios que deberían contribuir cos gastos. O vicio ademais de provocar indefensión, omite totalmente o procedemento legalmente establecido pola ordenamento urbanístico vixente. Consideran os alegantes que non concorre o vicio procedimental determinante de nulidade absoluta. Reitérase a apreciación da existencia de vicios no procedemento de tal entidade que impiden entender que o acto administrativo poida ter efectos de calquera tipo e momento, polo tanto determinantes de nulidade absoluta. En efecto, a atribución do dereito a equidistribuírse cos propietarios dunha determinada zona, sen que os mesmos participaran no procedemento administrativo, non é un simple vicio de anulabilidade. Existe xa unha consolidada doutrina que considera en certos procedementos, a omisión do trámite de audiencia implica necesariamente a nulidade radical do acordo. Por exemplo, a STS de 22 de xuño de 2004 (RJ 2004\4111), aprecia que cando se omite o trámite de información pública ou audiencia determina a nulidade radical do acto nos seguintes supostos : "(...) 1º. La jurisprudencia se niega, sistemáticamente, a declarar la nulidad por omisión de información pública, salvo cuando viene impuesta por la legislación específica aplicable, lo que sucede en este caso (así, en SSTS de 29 de noviembre de 1982, 20 de abril de 1985 y 28 de diciembre de 1993) (...)3º La finalidad del trámite de información pública no se reduce a la posibilidad de formular reclamaciones, sino que se extiende a la presentación de sugerencias, lo que exige conocer todo el voluminoso expediente, que ha de quedar a disposición de quien quiera conocerlo, si bien los vicios formales causan indefensión cuando se impide o se obstaculiza la posibilidad de conocer (así, en SSTS de 1 de abril de 1993 y 30 de septiembre de 1998)(...) las consecuencias de la infracción no pueden ser otras que la nulidad absoluta o radical por infracción de uno de los trámites esenciales del procedimiento que equivalen a la categoría de nulidad prevista en el artículo 62.1.e) de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre ( RCL 1992, 2512, 2775 y RCL 1993, 246), por prescindir total y absolutamente del procedimiento establecido, sin que se pueda equiparar su omisión a los vicios de forma que solo dan lugar a la anulabilidad por ocasionar la indefensión, ya que dicho trámite viene configurado expresamente como imperativo e inexcusable por la norma infringida y precisamente por el plazo que se ha considerado adecuado para posibilitar ese debate social y participativo de los ciudadanos(...)". No presente caso, a normativa urbanística (tanto a vixente no momento da adopción do acordo que se pretende revisar, como a actual) esixe que previamente á realización de calquera operación reparcelatoria se lle dea oportunidade ós interesados de alegar o que estimen oportuno. Na orde formal non é o único vicio apreciado. Como quedou exposto no acordo de incoación de 29.03.05, o dereito á equidistribución de cargas ven derivado da previsión nun instrumento de ordenación urbanística ou mesmo pola tramitación dun procedemento sumario que permita a delimitación dun polígono que posibilite unha xusta distribución de cargas e beneficios. Polo tanto, houbo unha ausencia total do procedemento para a declaración feita polo acordo de 19.12.97 e como consecuencia conleva á consideración de que se está en presenza dun vicio*

de tal entidade susceptible de ser considerado como de nulidade absoluta ante a falla de procedemento. A constancia no expediente de informes previos á adopción do acordo, non modera a consideración de ausencia total de procedemento. Con respecto o contido da alegación presentada o 5.10.05 e que completa presentada na incoación do primeiro expediente, entende que non concurre indefensión do resto dos interesados. É necesario que todo recoñecemento de dereito á equidistribución co resto de propietarios dun ámbito, precisa da tramitación do correspondente expediente, regulado pola normativa sobre execución de planeamento. O citado dereito, pode ser fixado polo propio planeamento o por medio da tramitación dun expediente de delimitación de polígono, tal e como establecía o artigo 38 do rd 3.288/78 no que necesariamente esixe a presenza dun trámite de información pública. A resolución de delimitación de polígono conlevará que os propietarios afectados teñen dereito á equidistribución de beneficios e cargas.

- *Acto de contido imposible (artigo 62.1.e da Lei 30/92).*-Ao igual que no acordo de incoación apreciase a concurrencia desta causa de nulidade. Afirman os alegantes que non é procedente acudir á lexislación vixente senón á que era de aplicación á hora da concesión da licenza de obra (acordo da Comisión de Goberno de 1991). En primeiro lugar, o suposto dereito ó reparto de cargas entre os demais propietarios, dada as data que nos encontramos, sería sempre de aplicación a vixente Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural. A propia disposición transitoria primeira (letra b), considera que o solo urbano dos municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 1/97, do solo de Galicia, que reúna as condicións establecidas no artigo 12 da Lei 9/02, seralle de aplicación o previsto para o solo urbano consolidado no antedito texto legal. En conclusión non se pode compartir que o expediente debiera resolverse coa normativa vixente no momento da solicitude. O propio artigo 111.2 da Lei 9/02 encárgase de limitar en solo urbano consolidado a posibilidade de delimitar áreas de reparto ou outro instrumento ou técnica de reparto de beneficios e cargas. O real decreto lexislativo 1/92 (disposición final segunda da Lei 8/90), polo que se aprobou o texto refundido da Lei do solo (afectada case na súa totalidade pola STC 61/97), preveía a adquisición gradual de facultades urbanísticas derivadas do cumprimento dunha serie de obrigas legais ata acadar o dereito a edificar (artigos 23 e seguintes). Con anterioridade á materialización de tal dereito preveíase a realización de certos deberes de cesión e equidistribución de cargas e beneficios en ámbitos ou zonas delimitadas ó efecto. Ó igual que na Lei 1/97 (vixente no momento da adopción do acordo de decembro de 1997), a delimitación de unidades de execución era un presuposto para a execución do planeamento. Incluso (a diferenza co actual marco lexislativo) se prevía a posibilidade de realizar operacións reparcelatorias en solo urbano consolidado, por medio das denominadas actuacións asistemáticas (artigo 185), sen prexuízo da delimitación de unidades de execución discontinuas (artigo 144.2). A finalidade das unidades de execución é dobre: a urbanización e a equidistribución, sendo a través desta última onde se materializan os deberes de cesión obrigatoria e gratuíta á Administración. No acordo de decembro de 1997 (vixente nese momento a Lei 1/97 do solo de Galicia), non se acudiu a ningún mecanismo de equidistribución, simplemente se chegou á conclusión de que a persoa que executou a urbanización tería dereito a ser compensado polo resto dos propietarios polos gastos derivados da execución daquela. Na lexislación vixente e na anterior, non existen mecanismos de equidistribución de costes de urbanización, sen que correlativamente se repartan os beneficios derivados da actuación. Tampouco se pode concluir que se estaba en presenza dun suposto de reparcelación económica, tal e como establece o derogado artigo 74 do real decreto 3.288/78, por canto non se preveía a redistribución material dos terreos e non se ten constancia no expediente que se dean os supostos legais para acudir a tal especialidade de execución do planeamento. Por tanto, o contido do acordo do Consello da XMU de 17.12.97 é de imposible



*cumprimento, tanto xurídica como física ou materialmente. A imposibilidade ten carácter orixinario, dende o propio momento en que se dictou o acto e non é derivada dun cambio legislativo posterior. Así ven respaldada esta postura por numerosa Xurisprudencia, poñendo por exemplo a STS de 19 de maio de 2000 (RJ 2000\4363): "(...) la imposibilidad debe ser, asimismo, originaria ya que una imposibilidad sobrevenida comportaría simple ineficacia del acto. Actos nulos por tener un contenido imposible son, por tanto, los que resultan inadecuados, en forma total y originaria, a la realidad física sobre la que recaen. Son también de contenido imposible los actos que encierran una contradicción interna en sus términos (imposibilidad lógica) por oponerse a leyes físicas inexorables o a lo que racionalmente se considera insuperable. La jurisprudencia ha equiparado en algunos casos la indeterminación, ambigüedad o ininteligibilidad del contenido del acto con la imposibilidad de éste (sentencias de 6 de noviembre de 1981 [RJ 1981, 4755] y 9 de mayo de 1985 [RJ 1985, 2909]) (...)". Por outra parte, se comparte cos alegantes que non é preciso abordar neste momento se concurrían ou non os supostos previstos para a diferenciación dun solo diferente ó urbano consolidado e se esta categoría nace tra-la aprobación da Lei 6/98. Non obstante, con independencia do anterior, semella que o reclamante se beneficiou dunha consideración xenerosa da súa parcela como urbano e a adquisición do dereito a edificar de xeito directo. Non se comparte polo tanto a alegación presentada o 5.10.05 pola que se xustifica a improcedencia do presente expediente en base a que non se beneficiou da obtención da licenza coa condición da urbanización. Como quedou posto de manifesto con anterioridade don José Piñeiro e don Máximo González solicitan a compensación unha vez obtida a licenza de primeira ocupación. Resulta evidente que as anteriores persoas obtiveron o beneficio de construír un edificio cunhas determinadas condicións que non son semellantes as que soportaría naquel caso que a súa parcela sexa incluída nun polígono. Os deberes dos propietarios incluídos nun polígono non só abrangue o costeamiento da urbanización, senón que se completa coa obriga de cesión de terreos destinados a equipamento, viais etc...sen prexuízo da participación do Concello no aproveitamento urbanístico. Polo tanto, non se comparte as alegacións presentadas o 19.05.05 e 5.10.05.*

- *Acto polo que se adquieren dereitos ou facultades cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición (artigo 62.1.f da Lei 30/92). Esta causa de nulidade non é posta en dúbida polos alegantes unicamente no escrito presentado o 5.10.05. O contido da alegación presentada ó presente punto, é contestado no apartado segundo da presente proposta. Non obstante, como quedou exposto con anterioridade, no momento da concesión da licenza de obra (ano 91), condicionábase expresamente á execución simultánea de certas obras de urbanización. En ningún caso se aludiu a que as mesmas excedían das propias para que a parcela alcanzase a condición de solar. Foi nun momento posterior (6 anos despois da concesión da licenza, e unha vez obtida a primeira ocupación), cando reclamou unha compensación económica polas obras realizadas, unha vez obtida a licenza de obra e de primeira ocupación. Como quedou analizado con anterioridade, non procede recoñecer dereito á equidistribución dos costes de urbanización sen que simultaneamente se realizase unha distribución dos beneficios derivados da actuación urbanística. En todo caso, a equidistribución é anterior a fase de execución material das obras de urbanización. Na apreciación desta causa de nulidade, o Consello de Estado (doutrina recollida polo Consello Consultivo de Galicia) insiste nunha interpretación restrictiva: "(...) non cabería entender que a simple infracción do ordenamento xurídico poida configurarse como suposto de nulidade absoluta por falta de requisito esencial do acto en cuestión senón de anulabilidade, do mesmo modo que respecto dos vicios de forma en que puidera incurrir. O feito que determina a nulidade prevista no citado artigo 62 f é a falta comprobada dun requisito esencial para a produción do acto (...)-dictame número 591/95 do 25.05.95-". Seguindo a Doutrina do*

*Consello Consultivo o vicio observado é estrutural, que afecta directamente a varios elementos do acto administrativo dictado, en concreto o obxecto e a súa finalidade. O acto supoñe unha evidente creba dos principios básicos no Dereito urbanístico, como é o de reparto equitativo de beneficios e cargas, igualdade, seguridade xurídica etc... En conclusión, quedou posto de manifesto que tanto no momento da concesión da licenza como con posterioridade, non ten dereito a ser resarcido polos gastos da urbanización co resto dos propietarios*

4. *Procedemento para a declaración de nulidade dun acto administrativo.- O artigo 102 da Lei 30/92, determina que as Administracións poderán proceder á revisión de actos administrativos nos que concorra un suposto de nulidade de pleno dereito contida no artigo 62.1 do mesmo texto legal. En todo caso precisa dictamen favorable do Consello Consultivo de Galicia e con carácter previo, audiencia ós interesados. O prazo para a resolución do expediente é de 3 meses. O mesmo quedará suspendido no momento que se solicite informe ou dictamen ó Consello Consultivo de Galicia, tal e como establece o artigo 42.5.c da Lei 30/92.*
5. *Consecuencias da execución da Sentencia e da declaración de nulidade do acto administrativo dictado pola Consello da XMU de 30 de abril de 1999.- No punto 2º da parte dispositiva do acordo de 30 de abril de 1999 do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, acordouse o aboamento a don José Piñeiro Orosa e a don Máximo González Paz, a cantidade de 1.907.844 ptas correspondentes o prezo xusto fixado polo Xurado Provincial de Expropiacións dos predios 4 e 6 do plano parcelario do proxecto de urbanización da Rúa Gándara. A citada cantidade foi abonada por transferencia bancaria o 27 de xullo de 1999. A resolución da sala do contencioso-administrativo do TSXG de 13 de novembro de 2003, estima parcialmente a demanda dos recurrentes, non obstante, anula a totalidade do acordo dictado polo Consello da XMU o 19 de decembro de 1999. Polo tanto, procede o inicio de expediente de reintegro da cantidade de 11.466,37 € (1.907.844 ptas), dada a anulación do acordo de 30 de abril de 1999 e consecuentemente os beneficiarios carecen de título para facer súa a citada cantidade.*
6. *Non concurrencia dun suposto de responsabilidade patrimonial da Administración Pública.- Estima o alegante nos seus escritos de alegacións que concorre un suposto de responsabilidade patrimonial, polo tanto considera que debe existir un recoñecemento en tal sentido. En primeiro lugar, os alegantes non xustifican e proban a presenza dos supostos legais e xurisprudenciais necesarios para apreciar a responsabilidade da Administración.. A pretensión carece de fundamento por canto non concorre o requisito de antixuricidade (artigo 141.1 da Lei 30/92). Como quedou posto de manifesto nos puntos anteriores, os alegantes carecen de título para adquirir o dereito ó reparto dos costes das obras de urbanización co resto dos propietarios afectados. Consecuentemente teñen o deber xurídico de soportar as consecuencias derivadas do outorgamento da licenza de obra outorgada no ano 91 e que contemplaba a necesidade de execución simultánea de certas obras de urbanización. Por outra parte, no propio escrito de alegacións se alude a un posible enriquecemento inxusto do restos dos propietarios, manifestación que corrobora a postura da presente proposta á hora de eludir calquera tipo de responsabilidade. En efecto, non existe unha causa de imputación, en sede de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, consistente na presenza dun enriquecemento inxusto de terceiros axenos á Administración, circunstancia que motivaría no seu caso unha acción de tipo civil. En conclusión, non concorre un suposto previsto legalmente para apreciar responsabilidade patrimonial na actuación do Concello.*
7. *Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, outorga a facultade de revisión dos seus propios actos á Xunta de Goberno Local.*

Atribuese a este órgano colegiado, pese a que non foi o órgano autor do acordo que se pretende revisar, dada a carencia de facultades resolutorias na función revisora do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Polo tanto, procede a formulación da seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. Tomar coñecemento da proposta de resolución do acordo de revisión de oficio do acto dictado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19 de decembro de 1997, polo que se propoñe a súa nulidade e a desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial, conforme o previsto no artigo 102 da Lei 30/92, 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, por entender que concorren varios supostos dos previstos no artigo 62 do mesmo texto legal (en concreto os correspondentes ós apartados 1.c, e, f).
2. Previamente á adopción do acordo de revisión, remitir expediente ó Consello Consultivo de Galicia, de acordo co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/92 e a Lei 9/95 do Parlamento de Galicia.
3. Achegar ó expediente a documentación aludida no escrito de alegacións dos interesados o 5.10.05.
4. Comunicar a don Jose Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz a data de remisión do expediente ó Consello Consultivo, para os efectos previstos no artigo 42.5 da Lei 30/92.
5. Requerir a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz a execución da resolución da Sentencia do TSXG de 13 de novembro de 2003, e consecuentemente, ó reintegro da cantidade de 11.466,37 € aboados en virtude do acordo do Consello da XMU de 30 de abril de 1999, anulado pola devandita resolución xudicial.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **32(1371).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.**

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0540524	5.000,00	4.999,70	0,30	
CASTILLO MARTIN CARMELO DEL	0531161	4.000,00	3.999,66	0,34	
COSTAS PEREZ DAVID	0527057	110,61	110,61		
GONZALEZ CARNERO JUAN RAMON	0537356	162,44	168,79		6,35
“	0537357	26,14	26,14		
“	0537355	200,00	200,00		
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ MARIA	0535841	207.184,00	207.184,00		
“	0533238	4.788,00	4.788,00		
LORENZO PENELA MANUEL XOSE	0544194	265,50	265,50		
NUÑEZ-TORRON LOPEZ XESUS	0515702	400,00	400,00		
RIESGO BOLUDA JOSE	0537382	166,44	242,71		50,13
“	0537383	52,29	26,15		
“	0537381	200,00	200,00		

ROCHA PARA MES CESAREO	0535310	300,00	301,73		1,73
RODRIGUEZ REY ALBERTO	0537364	1.000,00	995,89	4,11	
ROLO SILVA JOSE LUIS	0527055	110,61	110,61		
SANTIAGO GONZALEZ JUAN JOSE	0527056	110,61	110,61		
VEGA ANDION OSCAR MIGUEL	0533811	100,50	100,50		
VIGO QUIROS EMILIO	0527054	110,61	110,61		
“	0527053	204,00	204,00		
TOTAL			224.545,21		

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

### **33(1372).- ACEPTACIÓN DA DOAZÓN POLA “ASOCIACIÓN DE MUJERES EMPRESARIAS DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (APE)” DUNHA ESCULTURA DE JULIO VERNE. Expte. 17383/240.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 13.10.05, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo e pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Código Civil.*
- *Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (LCAP).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales (RBEL).*

#### *ANTECEDENTES:*

*Pola Alcaldía deste Concello, comunicouse ó Servizo de Patrimonio o pasado día 11, a proposta achegada pola “Asociación de Mujeres Empresarias de la Provincia de Pontevedra (APE)” (fax de 10.10.2005), e acordada en asemblea xeral extraordinaria de 6.10.2005, da doazón á cidade de Vigo dunha escultura alegórica do escritor*

*Julio Verne, feita polo artista vigués D. José Molare, con motivo do centenario da súa morte, requirindo procedese a urxente tramitación da súa aceptación.*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*PRIMEIRO.- As entidades locais, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, teñen plena capacidade xurídica e de obrar para adquirir, poseer, reivindicar, permutar, gravar ou enaxenar toda clase de bens e dereitos (artigo 5 LBRL).*

*SEGUNDO.- A doazón recollese como uns dos modos de adquisición dos bens e dereitos polas Administracións públicas, previsto no artigo 15 LPAP, 271 LALG e 10 RBEL, que constitue un acto de liberalidade, gratuito e unilateral, polo cal unha persoa dispoñe dunha cousa a favor de outra, que a acepta (artigo 618 Código Civil).*

*En canto ó ser ésta un modo de adquisición de bens a título gratuito non está suxeita a restricción algunha, dispoñéndose únicamente a limitación no suposto da suxección ou vencellamento a condición ou modalidade onerosa (art. 273 da LALG e 12.1 do RBEL).*

*No presente caso, a teor dos termos nos que formulase ó ofrecemento pola Asociación, non nos atopamos ante un suposto de doazón modal, polo que conseguintemente non existe restricción algunha a súa aceptación, podendose acordar polo órgano competente se así o estima de interes público.*

*TERCEIRO.- O artigo 5.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, considera a doazón un contrato privado e consonte o artigo 9 da mesma lei “os contratos privados das Administracións públicas rexiránse en canto a súa preparación e adxudicación, en defecto de normas administrativas específicas, pola presente lei e as súas disposicións de desenvolvemento e en canto ós seus efectos e extinción, polas normas de dereito privado.*

*Os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmobles, propiedades incorporais e valores negociables se lles aplicarán, en primeiro lugar, en canto a súa preparación e adxudicación, as normas da lexislación patrimonial das correspondentes Administracións públicas”.*

*CUARTO.- Así mesmo, a doazón de cousa moble poderá facerse verbalmente ou por escrito, requeriéndose neste último caso para que surta efecto, que conste na mesma forma a aceptación (artigo 632 Código Civil), xa que a doazón so obriga ó doante e produce efectos dende a aceptación (artigo 629 Código Civil).*

*QUINTO.- ConsoNte o artigo 127.1.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local, corresponde a Xunta de Goberno Local a xestión, adquisición e a enaxenación do patrimonio.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Aceptar a doazón, pola “Asociación de Mujeres Empresarias de la Provincia de Pontevedra (APE)”, da escultura alegórica do escritor Julio Verne, feita polo artista vigués D. José Molares.*

*2º.- Proceder, tralos tramites legais pertinentes, á formalización da doazón en documento administrativo.*

3º.- *Dar de alta, unha vez perfeccionada a doazón, a obra escultórica no Inventario Municipal de bens e dereitos.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**34(1373).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez